

PROGRAMACIÓN ANUAL

CURSO 2022-2023



ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
2.- OBXECTIVOS XERAIS.....	4
3.- PROGRAMACIÓN ANUAL POR AULAS.....	5
Programación de aula 0-1anos.....	5
Programación de aula 1-2 anos.....	17
Programación de aula 2-3 anos.....	32
4.- CRITERIOS METODOLÓXICOS.....	40

I.- INTRODUCCIÓN

Este curso 2022-2023 que comeza , a Escola Infantil Municipal “ O BOSQUE” conta con 8 unidades e cada unha delas terá dúas persoas o cargo dos nenos/as. As unidades estarán repartidas do seguinte xeito:

Aulas de 0-1 anos

Aula A

- Mestra: ANA PORTO
- Educadora: ALBA I. FREIRÍA

Aula B

- Educadora: MAR ÁLVAREZ
- Educadora: SUSANA SEOANE

Aulas de 1 -2 anos

Aula A

- Educadora: PILAR SOUTO
- Educadora: EVA GARCÍA

Aula B

- Mestra: ROSA LOURIDO
- Educadora: MILAGROS VILLAR

Aula C

- Educadora: CARMEN CAMPOS
- Educadora: M^a TERESA PATIÑO

Aulas de 2 – 3 anos

Aula A

- Educadora: MÓNICA GÓMEZ
- Educadora: MAR NOGUERA

Aula B

- Mestra: ROSA RIAL
- Educadora: LUCÍA REGUEIRO

Aula C

- Educadora: SANDRA SANTISO
- Educadora: M^a DEL CARMEN OUTEIRO

Cada idade ten as súas características determinadas e cada nen@ o seu ritmo de aprendizaxe propio, tendo en conta todo isto expoñeremos a continuación a Programación Anual que a Escola levará a práctica durante o curso 2022-2023.

II.- OBXECTIVOS XERAIS

- Identificar e expresar as súas necesidades básicas de saúde e benestar, de xogo e de relación e resolver autonomamente algunhas delas mediante estratexias e actividades básicas de coidado, alimentación e hixiene.
- Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o seu propio corpo, os seus elementos básicos, as súas características, valorando as súas posibilidades e limitacións, para activar de forma cada vez máis autónoma nas actividades habituais.
- Relacionarse cos adultos e con outros nen@, percibindo e aceptando as diferentes emocións e sentimentos que se lle dirixen, expresando os seus e desenvolvendo actitudes de interese e axuda.
- Observar e explorar activamente o seu entorno inmediato e os elementos que o configuran e, coa axuda do adulto ir elaborando a súa percepción dese entorno, e atribuíndolle algunha significación.
- Regular paulatinamente o seu comportamento en propostas de xogo, de rutinas e outras actividades que lle presenta o adulto, gozando coas mesmas e empregándoas para dar cauce ós seus intereses, coñecementos, sentimentos e emocións.
- Coordinar a súa acción coa acción dos outros, descubriendo pouco a pouco que os demais teñen a súa propia identidade, as súas pertenzas e relacións, e aceptándoas.
- Comprender as mensaxes, ordes que nos contextos habituais se lle dirixen, aprendendo progresivamente a regular o seu comportamento en función deles.
- Comunicarse cos demais empreñando a linguaxe oral e corporal para expresar os seus sentimentos, desexos e experiencias e para influír no técnicas e recursos máis básicos.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu entorno, amosando actitudes de respecto, interese e participación cara elas.

III.- PROGRAMACIÓN

AULAS 0-1 ANOS

INTRODUCCIÓN:

Cada mes de setembro empezamos un novo curso na escola e este ano faremoslo nas clases de 0 a 1, polo que recibimos a todos os [nen@s](#) por primeira vez. Será un comenzo de curso de volta á normalidade, pois despois de levar máis de 2 anos con un protocolo de actuación fronte o Coronavirus, empezamos este novo curso sin ningún tipo de restrición ou normativa pola que teñamos que rexernos. Aínda que superamos esta situación tan complicada de forma positiva, xa botábamnos de menos a volta á normalidade e a poder compartir abrazos, bicos e mimos cos nosos pequerrechos, que tanto os necesitaban. Podemos volver de novo a compartir espazos, a xuntarnos en actividades conxuntas de toda a escola, recibir ás familias na aula, volver a vernos ás caras, que durante tanto tempo levamos tapadas...en definitiva será un comenzo de curso tranquilo, no que volveremos a poder realizar todo tipo de actividades e rutinas que tivemos que deixar aparcadas durante un tempo.

Xa tivemos unha primeira toma de contacto cos pais e nais na reunión que celebramos en xuño onde conversamos sobre a organización e normas da escola e puidemos resolver dúbidas sobre distintas cuestións que fosen de interese. Somos conscientes da difícil decisión que teñen que tomar as familias á hora de decidir deixar a un nen@ tan pequerrecho na escola nun ambiente descoñecido para eles e con persoas estrañas, nunha situación moi diferente á vivida ata o de agora onde estaban protexidos polo ambiente familiar e rodeados pola súa figura de apegos. Pero para que esta situación sexa o menos traumática posible e a poidan levar da maneira máis relaxada posible intentaremos preparar a chegada á escola con moita ilusión e ofrecerlle sempre as familias cercanía, comunicación fluída e confianza para que este período se nos faga a todos o máis levadeiro posible.

Estaremos divididos en 2 clases ó longo de todo o curso cunha ratio de 8 [nen@s](#) por aula, aínda que compartiremos moitos momentos ó longo da xornada.

No momento de realizar esta programación temos matriculados nas nosas clases a 9 nenos/as con idades comprendidas entre os 4 e os 8 meses, polo que aínda non temos a ratio das nosas clases cuberta. A proposta que imos a facer, polo tanto, será orientativa e susceptible de cambios.

Este curso vai a ser un período no que imos a notar unha serie de cambios vertixinosos a todos os niveis a medida que vaian pasando os meses. Pois o transcurso dun ano na vida de calquera nen@ supón unha serie de cambios significativos, pero os primeiros 12/15 meses da vida dun bebé van a supoñer a adquisición dos rasgos psicofisiolóxicos fundamentais.

Antes de empezar a plantexarnos unha proposta de traballo para este curso debemos de pararnos a reflexionar con que nen@s imos a traballar e que

características presentan, xa que as súas características motoras, cognitivas, de linguaxe e afectivo-sociales van a condicionarnos á hora de programar unha serie de actividades e axudarannos a axustar a metodoloxía de forma axeitada, potenciando ó máximo as capacidades de cada nen@ en cada momento.

As primeiras etapas da vida son moi importantes, xa non só dende o punto da maduración física, senón tamén dende o punto de vista da aprendizaxe, posto que nestes primeiros meses de vida establécense as aprendizaxes sobre as que se texerán o resto de experiencias vitais.

Nesta primeira etapa da vida dun nen@ os estímulos ós que están expostos son moi importantes e a súa fonte de coñecemento son os sentidos, polo que intentaremos proporcionarlle moitas experiencias sensoriais nas que poidan chupar, tocar, ulir, escoitar...e polas cales conseguirán recibir información do seu entorno. Outras das súas necesidades vai a ser o movemento que lle permitirá controlar o seu corpo e o seu desenvolvemento muscular e físico, polo que intentaremos realizar actividades nas que se exerciten tanto movementos do corpo na súa totalidade, coma os movementos precisos a. A estimulación prodúcese de forma continua ó longo da xornada escolar, cada vez que os collemos no colo, cando lles falamos, cando os cambiamos, lles damos a comida, xogamos con eles...

Cando chegan á nosa escola xa van cara os 4 meses, e é importante que describamos os logros que irán acadando a medida que vaian cumprindo meses:

Entre os 3 e os 6 meses:

- Xira a cabeza ante un grito ou son.
- Sigue un obxecto coa mirada e ás veces intenta collelo.
- Xa se vai sostendo solo e xira a cabeza.
- Sorrie cando se ve reflectido no espello
- Colle obxectos e lévaos á boca.
- Fai movementos de pataleo.
- Empeza a desenrolarse a coordinación ollo-man.
- Xoga moito cos seus pes.
- Empeza a diferenciar os sons que el produce dos do exterior.
- Xa empeza a balbucir.
- Xa empeza a dar gritos de alegría.
- Rie e balbúcea mentres manipula os xoguetes.
- Recoñece ás persoas que están con el e responde con sons á voz do outro.
- Xa pode mostrar medo e angustia ante descoñecidos.
- Xa empeza a estar aberto ó mundo que o rodea e empeza a explorar aquilo que lle interesa.
- Comenza a ser consciente de si mesmo e da existencia de mamá e papá.
- Identifica as caras coñecidas.

Entre os 6 e 9 meses:

- Xirase solo tendido boca abaixo.
- Pasa as cousas de unha man a outra.
- Xa se mantén sentado sin axuda.
- É capaz de golpear dous obxectos.
- Arrastrase e empeza a elevar o abdome (inicio do gateo).
- Pasa xoguetes dunha man a outra.
- Pronuncia sons e sílabas que pode repetir.
- Comprende certas entoacións de voz do adulto.
- Entende e xa responde ó seu nome.
- Recoñécese no espello.
- Intensifícase a relación coa súa mamá e diferencia das demais persoas.
- Empeza a buscar obxectos se estes desaparecen.
- Comprende o ton de voz e as expresións do adulto e distingue se está contento ou enfadado.
- Chora se os familiares o deixan con descoñecidos.

Entre os 9 e 12 meses :

- Sostense dereito con axuda ou collido a unha cadeira ou barra.
- Xa gatea.
- Xa é capaz de abaixarse para coller un xoguete .
- Cara finais deste período xa empeza a camiñar collido da man ou soíño.
- É capaz de sinalar.
- Fai o movemento de pinza.
- Repite sons que oe .
- Da un xoguete ou obxecto que se lle pide.
- Comprende a linguaxe do adulto.
- Aprende a dicir adeus coa man.
- Comprende as prohibicións.
- Gústalle estar en contacto co outros nenos/as e tamén cos adultos.
- Recoñece cancións e melodías.
- Sabe encontrar un obxecto que se esconde diante del.
- Comprende o significado do NO.

Debemos ter en conta que certos comportamentos ,logros e cambios físicos tenden a producirse a unha certa idade, pero hai moita variación no que se considera normal, posto que cada neno/a é distinto e ten o seu propio ritmo no desenrolo, .

Unha vez que coñecemos xa un pouco máis ó nen@ de 0 a 1 anos dispoñémonos a realizar a programación orientativa para este curso.

PROGRAMACIÓN:

Comenzamos o noso traballo nas clases de 0 a 1 anos e imos a realizar unha proposta anual que é orientativa e pode verse sometida a cambios, xa que a ratio das nosas clases aínda non está cuberta na súa totalidade e descoñecemos polo tanto a idade de todos os [nen@s](#) que van a estar con nos.

Como xa dixemos con anterioridade o primeiro ano de vida caracterízase por ser un período no que se suceden rapidamente unha serie de logros moi importantes: control cefálico, posición de sentado, coordina ollo-man, iniciase a marcha, iniciase na linguaxe oral, adaptación dos sentidos ó entorno, establece as primeiras relacións cos adultos..., en definitiva vanse establecendo unha serie de condutas básicas para o seu desenvolvemento posterior.

Tendo en conta como se produce a evolución nestes primeiros meses de vida pensamos na nosa programación partindo dun obxectivo fundamental:

- **Satisfacer as necesidades básicas de alimentación, hixiene, descanso, actividade e afectividade.**

Intentaremos que momentos que forman parte da vida cotiá se convertan en situacións educativas proveitosas, intentando dedicarlle atención a nivel individual e a través deles traballar de maneira global todo un mundo de sensacións e de espertar dos sentidos.

Tódolos coidados e actividades de estimulación que realizaremos cos bebés como caricias, miradas, xogos, contactos físicos estarán cargadas de tenrura, afecto, confianza e sensibilidade para que os nosos nenos/as se sintan queridos, seguros e vaian creando unha correcta autoestima.

A creación de novos vínculos afectivos é un aspecto moi importante neste ciclo, xa que os nenos/as teñen necesidade de establecer unha relación de harmonía coa persoa adulta coa que pasan moitas horas ó día, pois esta relación de apego que establecen cos adultos permitirlle sentir equilibrio e seguridade emocional.

Na escola, dende ben pequeniños e polo tanto xa dende a nosa unidade de 0 a 1, ímoslle a proporcionar certos rituais ou accións regulares no tempo, que lle axuden a sentirse seguros. Estas secuencias, son as tan necesarias rutinas, que fan que o neno/a, a forza de repetir e sempre no mesmo orden, poda anticiparse e prever o que vai a pasar a continuación. Este feito aportaralle é neno/a a confianza necesaria para ser activo e poder establecer relacións positivas con outros nenos/as e cos adultos.

Os tempos que adicaremos a cada bebé serán moi flexibles, estarán marcados polo seu propio ritmo e as súas necesidades. Os espazos que lles ofreceremos nas nosas clases serán apropiados para satisfacer as súas necesidades: espazo para descansar de maneira tranquila tanto no berce, como nas hamacas, espazos para alimentación e hixiene, espazo para a estimulación libre de obstáculos, con decoración axeitada. Serán espazos cambiantes, xa que os iremos adaptando en función das necesidades e da evolución dos nosos nenos/as.

A primeiros de curso marcámonos uns obxectivos e uns contidos que guiarán a nosa programación:

OBXECTIVOS:

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL:

- Adquirir progresivamente a coordinación das diferentes partes do corpo e manter o equilibrio estático.
- Experimentar as sensacións que ofrece o xogo motriz.
- Coordinar progresivamente ámbalas mans en accións de agarre, soltar, golpear, enrugar, apiñar, beliscar, abrir, cerrar...
- Obter progresivamente un ritmo ordenado na alimentación, descanso...
- Mostrar unha boa disposición por probar novos alimentos e aceptar os cambios que sofre de forma progresiva a alimentación.
- Manifestar as propias necesidades: sono, fame, dor...
- Gozar das propias conquistas e logros.
- Esforzarse en adquirir destrezas que lle axuden a desprazarse, gatear, dar a volta, incorporarse, iniciala marcha...
- Estimular os sentidos.
- Ser capaz de experimentar a música como un elemento de satisfacción, relaxación e movemento.
- Ser capaz de relaxarse e gozar das masaxes como técnica de desenvolvemento sensorial e interacción social.
- Sentir curiosidade pola manipulación dos obxectos que poñemos ó seu alcance.
- Ser capaz de centrar a atención cando te dirixes a el en especial.

CONTIDOS:

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL:

Bloque 1: O corpo.

- Control e coordinación dos movementos do corpo.
- Utilización das mans para explorar o propio corpo e coñecer as súas características.
- Gusto ó recibir as masaxes.
- Confianza nas propias posibilidades de acción.
- Regulación e control nos ritmos de alimentación, hixiene e descanso.
- Coordinación oculo-manual nas actividades motrices.
- Experimentación de sensacións e percepcións olfactivas, gustativas, táctiles, auditivas e visuais que produce o xogo e o movemento.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Movementos e posturas do corpo: sentado, boca arriba, boca abaxo, volteo...

Bloque 2: A identidade, a autoestima e as emocións.

- Identificación do seu propio nome e do dos demais.

- Expresión de emocións básicas, sentimentos e estados de ánimo.
- Reacción ante as emocións dos demais.
- Identificación do que gusta e do que non gusta.
- Ampliación dos lazos afectivos con outras persoas adultas, para obter axuda e seguridade.
- Gozo dos propios logros e conquistas.
- Demanda de axuda ante as dificultades.
- Participación activa nos xogos e actividades.

Bloque 3: O coidado persoal.

- Participación progresiva nos hábitos relacionados co descanso, alimentación , aseo...
- Expresión , dentro das súas posibilidades das propias necesidades: sede, fame, sono , dor, afecto...
- Progreso na utilización de útiles como beber polo vaso, agarrar a culler, comer a galleta...
- Colaboración á hora de vestirse, espirse , cambio de cueiro...
- Regulación progresiva dos ritmos de sono-vixilia, actividade-descanso, acción-relaxación.

COÑECEMENTO DO CONTORNO:

- Recoñecer as persoas do contorno inmediato: familia, compañeiro@s, profes...
- Observar e explorar os obxectos do entorno a partir da manipulación , producindo accións sobre eles, coa axuda do adulto e gozar da actividade.
- Gozar da presenza dos compañeiros e das persoas coas que convive habitualmente.
- Demostrar afecto polas persoas do seu entorno.
- Ser capaz de durmirse no seu berce sen estar presente un adulto.
- Ser capaz de adaptarse as pequenas rutinas e actividades diarias.
- Saudar e despedirse de maneira axeitada á súa idade.
- Sentir necesidade de experimentar con distintos xoguetes e materiais.
- Mostrar curiosidade polos elementos da natureza :chuvia, vento, sol...
- Recoñecer os animais máis comúns e a súa onomatopeia.
- Gozar coas celebracións que realizamos na escola.

CONTIDOS:

Bloque1: O medio físico.

- Adquisición progresiva de habilidades sociais: saudar, despedirse...
- O sorriso como resposta social.
- Recoñecementos de algúns obxectos relacionados coas necesidades básicas: biberóns, chupete, cueiros...

- Gusto á hora de manipular xoguetes e obxectos que lles ofrecemos.
- Manipulación , xogo e pracer á hora de manipular elementos da natureza : auga, area, fariña, pedras, azucre...

Bloque 2: Achegamento á natureza.

- Recoñecemento dos animais máis comúns.
- Identificación de fenómenos meteorolóxicos: chuvia, sol, neve...
- Curiosidade por tocar, observar distintos animais domésticos e distintas prantas.
- Disfrute das actividades ó aire libre.

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade.

- Identificación dos xestos de saúdo e despedida.
- Recoñecemento das persoas do contorno próximo: compañeiros/as, profes...
- Descubrimento do grupo social, espazos, obxectos...
- Expresión de recoñecemento e sentimento de alegría , afecto, tristeza...
- Gusto por participar nas festas da escola: Samaín, Magosto, Entroido, aniversarios...
- Adaptación ós ritmos e rutinas da escola.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

- Recoñecer os sons que emite o propio corpo: rir, chorar, tusir...
- Interpretar os xestos e a linguaxe das persoas que os rodean.
- Emitir sons e algunhas palabras sinxelas.
- Localizar e discriminar ruídos do entorno.
- Gozar das audicións musicais.
- Moverse ó ritmo da música.
- Sentir gusto á hora de manipular e escoitar contos.
- Manifestar diferentes estados emocionais: relaxación, tristura, alegría...
- Recoñecer ritmos e melodías.
- Experimentar e gozar coa manipulación de distintos materiais nas distintas actividades plásticas: tocar a pintura, manipular diferentes papeis, teas, plásticos, obxectos de distintas texturas...
- Interesarse por participar nas actividades propostas.
- Manter unha actitude de busca e descubrimento para resolver dificultades.
- Ser capaz de permanecer atento un curto espazo de tempo : escoitando un conto, mirando fotos, cantando coas profes...
- Iniciarse na expresión por medio do garabateo.
- Comprender algunhas mensaxes sinxelas.
- Empezar a utilizar os movementos corporais para comunicarse.

CONTIDOS :

Bloque 1: Comunicación xestual e oral.

- Expresión do choro e do grito para chamar atención do adulto
- A linguaxe oral como medio de comunicación : choro, sorriso, balbuceos, emisión de sílabas...
- Participación en actividades de imitación de xestos, de sons, xogos....
- Emisión de sons e algunhas sílabas sinxelas .
- Expresión de necesidades por medio da linguaxe corporal: fame, sono, dor...

Bloque 2: Expresión plástica e musical.

- Participación activa na interpretación e escoita de cancións e de xogos musicais.
- Experimentación das distintas sensacións producidas polos distintos materiais e obxectos cos que entran en contacto.
- Interese e gozo pola experimentación e creación de obras plásticas moi sinxelas.
- Exploración das posibilidades sonoras do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais.
- Recoñecemento de sons do contorno máis próximo.

Bloque 3: Representación escrita e dramática.

- Iniciación no garabateo con ceras, pinturas de dedos...
- Manipulación de libros, contos,, revistas...
- Atención e e das narracións , imaxes, ilustracións contadas polas profes...
- Experimentar con actividades con encaixables´

ACTIVIDADES:

A continuación nomearemos algunhas das actividades que realizaremos ó longo de todo o curso dividíndoas por trimestres:

ESQUEMA DE ACTIVIDADES:

SETEMBRO :

- Período de adaptación. Programación anexa

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Libro “ Así vou medrando “.
- Cesto dos tesouros.
- Taller de masaxes.
- Magosto: contacto coas follas e froitos do outono.
- Experiencia con froitos do outono : limón , laranxa e mandarina.
- Samaín: manipulación das cabazas.
- Nadal: estímulos visuais e sonoros

- Experiencia con globos e guantes recheos de distintos obxetos.
- Experiencias sensoriais : maracas con botellas e botellas sensoriais.

SEGUNDO TRIMESTRE:

- ⇒ Libro “Asi vou medrando“. Continuación.
- ⇒ Cesto dos tesouros. Continuación.
- ⇒ Camiños sensoriais.
- ⇒ Celebración dos aniversarios.
- ⇒ Entroido.
- ⇒ Día da Paz.
- ⇒ Musicoterapia : ovos sonoros e panos de cores de malabares.
- ⇒ Experiencia : pintura con iogur.
- ⇒ Experiencia : caixa de luces.
- ⇒ Experiencia : marionetas con calcetíns.

TERCEIRO TRIMESTRE:

- Libro “ Asi vou medrando “. Continuación.
- Cesto dos tesouros. Continuación
- Día do libro.
- Xornadas de portas abertas .
- Mes da arte.
- Experiencia coa pintura en lienzo e no chan.
- O cacho.
- Experiencia coa auga.
- Experiencias : xelatina, espaguetes e chocolate.

A continuación mencionaremos algunhas das actividades que realizaremos ó longo de todo o curso:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

Empezamos o primeiro trimestre co mes de setembro que é un dos máis “difíciles” de todo o curso pois temos que adaptarnos todos a unha nova situación. Ver Anexo.

Este mes de setembro vamos a servir tamén para observar o comportamento dos nenos/as e o momento evolutivo no que se encontran e así poder facer unha avaliación inicial que nos permita saber de onde partimos.

Tendo en conta isto plantexarémonos as seguintes actividades para este primeiro trimestre:

- Recibimos os nosos nenos/as de forma cariñosa sempre cun sorriso e saudándoos polo seu nome.

- Intentamos dende o primeiro momento crear un vínculo afectivo pro bebé, pois o afecto é o motor que estimula todo o desenvolvemento e a súa maior felicidade. A necesidade de sentirse querido é esencial.
- Realizamos as rutinas de cambios de cueiros, alimentación, hixiene e descanso sempre que sexa necesario.
- Teremos a música sempre presente nas nosas clases, ben sexa para relaxarnos e tranquilizarnos ou para animarnos a facer calquera actividade máis movida.
- Sempre que non veñan días de moito frío e espir o nena/o non supoña unha sensación desagradable para el, utilizaremos as **masaxes** como técnica para o desenvolvemento sensorial e interacción afectiva.
- Estimulámoslos para que xoguen coas súas mans, pes e boca. O primeiro xoguete dun bebé son as súas mans, mais tarde investigará cos pés e pasará moito tempo pelexando para coordinar movementos e levalos á boca
- Xogaremos a balancealos nas nosos brazos.
- Colocamos ó bebé diante do espello para que se vexa e nos observe a nós tamén.
- Deitámoslos nas colchonetas para que xoguen nos ximnacios e nas mantas de actividades.
- Ofrecerémolles xoguetes que emitan sons axudándolle a premer nos distintos botóns para que nos sorprendan con distintas melodías.
- Intentaremos poñer diante deles xoguetes atractivos para que se esforcen en desprazarse, cada un dentro das súas posibilidades, para alcanzalos.
- Ofrecerémolles xoguetes ou obxectos de tamaño axeitado para que os manipulen: os agarren, os cambien de man, os chupen, os solten...
- Balancearémolos deitados sobre un balón grande, aguantándoos para que non caian..
- Deitarémolos na colchoneta boca a baixo e intentaremos que levanten a cabeza buscándonos segundo por onde lles falemos.
- Xogamos a esconder obxectos diante deles e logo encontrámoslos.
- Os que xa se aguanten sentados poderán estar sentados nas colchonetas e manipular axóuxeres, obxectos brandos que poidan chupar, peluches suaves, xoguetes musicais...
- Os máis pequeniños que non se aguanten sós estarán sentados nos bumbos manipulando os obxectos dos ximnacios, os mordedores, os axóuxeres...
- Xogamos con eles colléndoos por debaixo dos brazos e levantámoslos facendo movementos de arriba a baixo facendo que toquen o chan cos seus pes.
- Facemos actividades psicomotoras para adquirir mobilidade nas extremidades, no pescozo, levantala cabeza, dala volta, sentarse...
- Sentámolo neno/a nos nosos xeonllos e agarrámolo polas costas e mirando cara nós xogamos con el.
- Levaremos acabo un **taller de masaxes**. Trataremos de crear un ambiente confortable en canto a tranquilidade e temperatura e buscaremos momentos nos que o bebé estea tranquilo, descansado, alimentado, limpo e predisposto para que esta actividade resulte pracenteira.

- En canto poidan aguantarse sentados traballaremos o **cesto dos tesouros** . Esta actividade farémola ó longo de todo o curso . Teremos un cesto no que meteremos distintos obxectos da vida cotiá para que os poidan manipular e percibir as súas características. Será unha actividade onde empezamos a coñecer o que nos rodea.
- As **rutinas** son especialmente importantes . Sempre respectando o ritmo de cada neno/a , pero tratando de organizar os momentos de sono,comida, hixiene e estimulación. A adquisición das rutinas diarias axudaralle a comprender o novo entorno, daranlle seguridade e confianza.
- Ó longo de todo o curso iremos enchendo o **libro “ Así vou medrando ”** con fotos e comentarios sobre todos os logros e actividades que iremos levando a cabo.
- Colaboraremos, dentro das nosas posibilidades, nas actividades que se realizan na escola como son o **Samáin**, experimentando coas cabazas, o **magosto**, tomando contacto coas follas e os froitos do outono,e o **Nadal** con estímulos visuais e sonoros propios destas datas.
- Experimentaremos con globos e guantes sensoriais.
- Experimentamos con froitas do outono:limón, laranxa e mandarina.
- Realizaremos unha experiencia sensorial con maracas con botellas recheas e botellas sensoriais.

Todas estas actividades e outras que poidamos realizar servennos para exercitar os reflexos, o ton muscular, coller dominio das posturas, estimulalos sentidos, iniciarse na linguaxe, investigalo entorno, socializarse e adquirir novos logros.

SEGUNDO TRIMESTRE:

Empezamos este segundo trimestre con [nen@s](#) que xa experimentaron unha serie de cambios significativos e algúns xa estarán a punto de cumprir o seu 1º ano. Ó longo destes catro meses seguro que xa se produciron moitos cambios en tódolos aspectos e xa deixaron atrás unha etapa de adaptación e comencian outra na que de seguro se producirán grandes logros.

Ó longo deste trimestre repetiremos moitas actividades xa realizadas en meses anteriores para afianzar destrezas e adquirir aquelas que non foi posible conseguir, pero tamén realizaremos outras que nos axuden a desenvolver novas capacidades.

- Colocámolos en posición de gateo e intentamos avanzar.
- Si son capaces de gatear, arrastranse para chegar ó sitio desexado e alcanzar o que buscan.
- As profes axudámolos a avanzar colléndoos polos brazos e intentando que den pasiños.
- Poñémolos de costas á parede e cos brazos estirados chamámolos para que intenten chegar a nós.
- Poñémolos cara ó espello agarradiños á barra para que se movan.
- Dámoslles os correpasillos para que se movan pola clase.
- Xa empezaremos a ter mais contacto con elementos da plástica e faremos pequenos traballos manuais.

- Introduciremos a **rutina de tomala galleta** sentadiños, no sitio que as profes nos digan.
- Escoitamos contos e miramos fotos. Trataremos de que vaian prestando atención durante períodos curtos de tempo.
- Xogaremos con animalíños e imitamos a súa onomatopeia.
- Empezamos a **saír ó patio grande** e investigamos que podemos facer neste espacio novo e que xoguetes novos hai.
- Manipularemos xogos nos que facemos torres e despois tirámolas.
- Metemos pezas dentro de caixas e despois sacámolas.
- Xogamos ás agachadas detrás da cortina que temos no moble.
- Metémonos dentro dentro de caixas grandes e coa axuda das profes saímos.
- Xogamos con plásticos de burbullas.
- Facemos auga de cores mesturando pintura con auga e despois metémola en botellas que podemos botar a rodar.
- Xogamos no mosaico de texturas, descalzos imos pisando sobre distintas superficies con distintas texturas.
- Experiencia : pintura con iogur.
- Experiencia : caixa das luces.
- Iniciámonos na **musicoterapia**. Ovos sonoros e panos de malabares.
- Preparámolo **Entroido** e participamos na festa.
- Xogamos con pelotas de distintos tamaños.
- As profes balancéannos nunha manta.
- Celebrámolos **aniversarios** cunha tarta para soprar a nosa primeira vela. Cantarémolle o Parabéns para ti.
- Celebrámolo **Día da Paz**.
- Aportaremos estímulos visuais que estean ó seu alcance.
- Estimulamos os sentidos : camiños sensoriais
- Experiencia: marionetas con calcetíns.
- Seguimos o libro “ Así vou medrando”.
- Continuamos co **cesto dos tesouros**. Cambiaremos os obxectos do cesto a miúdo para que non se aburran dos mesmos e tamén tendo en conta acontecementos ou costumes da época do ano na que nos atopamos.

TERCEIRO TRIMESTRE:

Xa neste último trimestre do curso case todos teñen cumprido o seu primeiro ano e xa algúns camiñan bastante ben e outros están a punto de conseguilo. Como no trimestre anterior seguiremos repetindo actividades para afianzar destrezas e introducindo outras para seguir evolucionando segundo as características de cada un.

- Investigaremos cos xoguetes que temos na clase: animalíños, construcións, comidiñas, bonecos, peluches...
- Empezaremos co xogo simbólico e xogaremos a darlle de comer as bonecas e poñelas a durmir.
- Se o tempo o permite sairemos ó **patio de fóra** á xogar ó aire libre.
- Contaremos moitos contos .
- Experimentamos coa auga.

- Metemos e sacamos cousas das caixas.
- Empezamos a axudar ás profes a recoller os xoguetes.
- Investigamos como se pinta coas mans con pinturas de distintas cores.
- Faremos garabatos con ceras.
- Xogamos con papeis de distintas cores e texturas.
- Estimularemos a nivel motriz con exercicios que lles axuden a aumentar a forza nas extremidades, a coordinación do corpo no espazo, o equilibrio...
- Faremos actividades para que estimulen o tacto aportando novos materiais de diferentes texturas.
- Seguiremos aportando estímulos visuais que estean ó seu alcance.
- A estimulación auditiva estará sempre presente na aula a través de cancións que lles cantamos, a través de xoguetes musicais, escoita de sons da natureza...
- Xogamos na mesa da auga.
- Facemos pompas de xabón.
- Participaremos na celebración do **Día do Libro**.
- Probaremos distintos alimentos para distinguir sabores.
- Conversaremos moito sobre distintos temas.
- Participaremos na **Quincena da Arte**.
- Experiencia coa pintura : nun lenzo e no chan.
- Faremos algunhas manualidades coas distintas técnicas plásticas.
- Esperamos que as familias se animen a participar con nós nas **Xornadas de Portas Abertas**.
- Experiencias : xelatina, espaguete e chocolate.
- Celebrarémolo **Cacho** na véspera de San Xoan.
- Seguiremos traballando e completando o libro “Así vou medrando “ “
- Outras moitas actividades que vaian xurdindo e nos parezan interesantes.

Estas son algunhas das actividades que temos previsto realizar ó longo do curso. Levarémolas acabo de maneira flexible, sempre e cando as circunstancias e o momento evolutivo dos nosos nenos/as sexa o axeitado. Chegado o momento modificaremos todo aquilo que consideremos necesario e ampliaremos algunhas actividades si a evolución dos nenos/as o require.

AULAS 1-2-ANOS

Coma tódolos anos por estas datas tratamos de facer un plan de traballo para o curso. Temos en conta de onde partimos, a idade dos nosos cativos e as características particulares de cada un. Algúns son coñecidos do ano anterior pero para outros é o seu primeiro contacto cun entorno diferente a vida familiar. A nosa proposta de traballo cos nen@s desta idade ten unhas finalidades:

- Atender as súas necesidades básicas e garantir a súa seguridade.
- Estimularlos a nivel sensorial, motriz, afectivo, de relación social e interpersoal.
- Fomentar a motivación, a curiosidade e o interese polo descubrimento.
- Introducir hábitos e rutinas que lles permitan desenvolver a autonomía.

- Crear un clima de confianza, afecto e autoestima para medrar felices.
- ¿Cómo podemos facelo?

- XOGANDO / ESCOITANDO / CONVERSANDO / OBSERVANDO / ACTIVIDADES MANIPULATIVAS / CONVIVINDO: con respecto, cariño, tolerancia e dándolle o mellor de nos mesmos.

Para levar a cabo esta proposta preparamos unha receita:

INGREDIENTES:

1 KILO DE AMOR

1KILO DE SENTIDIÑO COMUN

- Asar con estímulos axeitados
- Sazonar con moito tempo xuntos e ganas de xogar
- Miles de fantasías que imaxinar
- Sorrisos de tenrura: sen medir
- Un chisco de boas rutinas.
- 8 Kg de curiosidade
- Adornar con comunicación corporal..
- Servir cunha ración de NON.

PREPARACIÓN:

Aos ingredientes anteriores engadímoslle dous oliños cheos de picardía e algunha bagoíña.

Deixa repousar a mestura sobre manciñas mornas o tempo preciso.

Decoramos con moita ocorrencia de cores, doces comentarios e unha morea de bicos.

TEMPO DE COCCIÓN: Varía segundo a maduración.

SUXERENCIA: Non comela de contado. Facelo amodiño para aproveitala mellor.

Antes de propoñer as metas que queremos alcanzar imos describir de maneira breve o momento evolutivo no que se encontra o nen@ no segundo ano de vida. Neste segundo ano trata de practicar a capacidade de mobilidade, a manipulación e empeza a descubrir a fala.

Como as idades son orientativas e no grupo de 1-2 temos nen@s que aínda non cumpriron o ano imos mencionar unha serie de logros que os bebés poden alcanzar entre os 8-12 meses de vida:

- Descubren o espazo arrastrándose ou gateando.
- Permanecen sentados sen apoio.
- Empezan a sentir a verticalidade.
- Utilizan os dedos índice e polgar para agarrar cousas pequenas.
- Os seus sentidos teñen un alto grao de precisión aínda que debemos estimulalos.
- Recoñecen a súa educadora e mostran un vínculo afectivo moi importante con ela. Necesitan a súa presenza preto.
- Recorren todo o espazo avanzando en coordinación e destrezas.
- Mostran certa curiosidade cos compañeiros.
- Aprenden manipulando os obxectos aínda que o seu interese está centrado na acción do corpo. As mans e a boca son un instrumento moi importante para a exploración.
- Comunícanse por medio dos xestos, movementos e sons.
- Bican, abrazan, acariñan.

Entre os 12 e 18 meses é toda curiosidade e empeza a independencia co inicio da marcha.

- Busca e experimenta por iniciativa propia.
- Actúa sobre os obxectos buscando resultados
- Descubre o espazo e explóralo co inicio da marcha.
- Consegue cada vez máis equilibrio e axilidade.
- Avanza moito en destrezas cas súas mans.
- Colabora en moitas actividades e gústalle experimentar.
- Move e despraza obxectos.
- Xa é capaz de xogar só máis tempo e mesmo mostra complicidade cos compañeiros.
- Intenta defenderse cando intentan quitarlle os xoguetes.
- Comprende gran parte do que se lle comunica.
- Empeza a poñerse a todo.

Dos 18 ós 24 meses entra na etapa da imitación e colaboración cos demais.

- Descubre que a causa produce un efecto despois de ensaiar varias veces.
- Progresivamente vai aparecendo a linguaxe. Repite todo o que lle din.
- Móvese e desprazase con moita axilidade polo espazo.
- Vai adquirindo maior habilidade manual.
- Mostra moito interese polas actividades e pola manipulación de materiais.
- Xoga moito tempo só pero o mesmo tempo encántalle xogar xunto ós compañeiros.
- Aparecen as pelexas e pateaduras. Compre que resolva só pequenos problemas.
- Mantén a atención durante períodos máis longos de tempo.
- Comprende ordes sinxelas e tamén o “non”.
- Descubre a súa identidade e percibe as súas diferenzas cos demais.

A evolución dos nosos nen@s está condicionada polas características e o ritmo de desenvolvemento de cada un.

Aproveitaremos o Período de Adaptación para observar o grao de desenvolvemento de cada un e nas programacións trimestrais formularemos obxectivos e contidos máis específicos.

Cos máis pequeniños retomaremos a programación dos últimos meses da clase de 0-1.

A nosa proposta de traballo estará centrada en experiencias. Pretendemos que por medio da experimentación con materiais do noso entorno, obxectos da vida cotián, alimentos ... descubran as cualidades das cousas, manipulen por si mesmos, desenvolvan a coordinación ollo-man-boca, poñan en xogo tódolos sentidos, relacionen o seu corpo co espazo e adquiran novas destrezas e habilidades..

De seguido imos describir os Obxectivos e Contidos partindo do que nos indica o D.C.B. para o primeiro ciclo de educación infantil na nosa Comunidade Autónoma.

OBXECTIVOS

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Coñecer o propio corpo de maneira progresiva e identificar as partes máis importantes construíndo pouco a pouco unha imaxe positiva de si mesmo.
- Controlar progresivamente os xestos e os movementos propios da súa idade.
- Estimular os sentidos como fonte de sensacións.
- Expresar emocións e necesidades básicas segundo as súas posibilidades e contando co axuda do adulto.
- Orientarse progresivamente nos espazos cotiáns.
- Adquirir autonomía en actividades habituais e tarefas sinxelas colaborando co adulto.
- Descubrir e utilizar as propias posibilidades motrices, sensitivas e expresivas.
- Manifestar e regular as necesidades básicas progresando na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas coa comida, hixiene, saúde, descanso.
- Aceptar as normas de comportamento establecidas durante os momentos máis comúns da vida cotián.
- Participar nas actividades, xogos e propostas do adulto.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observar e explorar os obxectos do entorno percibindo as súas cualidades e gozando da actividade.
- Orientarnos e actuar progresivamente de maneira autónoma nos espazos cotiáns
- Observar e explorar o medio natural manifestando coidado e respecto na medida das súas posibilidades.
- Gozar das actividades que realizamos na escola.
- Adaptarse progresivamente a vida da escola.
- Mostrar interese e respecto polos animais e plantas do entorno colaborando co adulto no seu coidado.
- Coñecer as formas de comportamento esenciais da vida en grupo adecuadas as súas posibilidades.
- Descubrir a funcionalidade dos obxectos.
- Participar activamente cos grupos que se relaciona
- Identificar secuencias temporais relacionándoas coas rutinas.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as linguaxes xestuais e a fala de maneira progresiva como instrumento de comunicación..
- Comprender as intencións das mensaxes dos outros nenos e do adulto.
- Utilizar as diferentes linguaxes como medio de comunicación entre as persoas para expresar sentimentos, ideas e representación da realidade.
- Gozar escoitando contos, música, textos.
- Explorar as posibilidades que nos dá o corpo para expresarnos e comunicar sentimentos.
- Participar nas actividades de dramatización, xogo etc. Dentro das súas posibilidades.

- Empregar a linguaxe plástica e gozar das producións propias e dos demais.
- Comprender as intencións e mensaxes orais que nos comunican os que nos rodean.

CONTIDOS

COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque 1 . O corpo

- Descubrimento e control global e segmentario do corpo
- Identificación das partes máis segmentarias: cabeza, mans, pes, pelo, ollos...
- Estimulación dos sentidos como fonte de sensacións: ulindo, escoitando, probando...
- Adquisición progresiva do control de movementos e do equilibrio estático e dinámico.
- Movementos e posturas do corpo: gatear, arrastrarse, subir, baixar, agacharse, camiñar, pedalear...
- Exploración das posibilidades motrices.
- Progresivo control do ton, equilibrio, respiración.

Bloque 2. A identidade, a autoestima e as emocións.

- Identificación do propio nome co grupo familiar o que pertence.
- Identificación dos propios xestos.
- Manifestación das emocións propias e identificación das dos demais: choro, risa, dor...
- Control progresivo de sentimentos e emocións.
- Expresión de necesidades, emocións, intereses, preferencias.
- Actitude de espera e paciencia na procura de atención e resposta.
- Control de impulsos ante as frustracións

Bloque 3. O coidado persoal

- Iniciativa na realización de tarefas relacionadas coas rutinas cotiáns.
- Adquisición progresiva de hábitos relacionados ca comida, hixiene, vestido, descanso, colaborando e gozando.
- Manifestación progresiva das necesidades básicas.
- Regulación progresiva dos ritmos do sono, vixilia, actividade e descanso, acción e relaxación.
- Recoñecemento das propias pertenzas e colaboración progresiva no vestido e aseo.
- Gusto polo aspecto persoal limpo e coidado.
- Petición de axuda en situacións que o requiran.

COÑECEMENTO DO CONTORNO

Bloque 1. O medio físico.

- Exploración dos obxectos e materiais a través dos sentidos identificando algunhas das súas propiedades ca axuda do adulto
- Observación e experimentación de diferentes accións sobre os obxectos e materiais.
- Respecto e coidado polos espazos.
- Manipulación e xogo cos materiais e alimentos comúns : area, azucre, sal, froitas, fariña, ...
- Adaptación progresiva a vida da escola cos seus iguais e co adulto.
- Aceptación das pequenas normas que rexe o grupo.

- Establecemento progresivo de relacións: apiñar, comparar, separar, encaixar, recoller...ca axuda do adulto.
- Actitude por compartir os obxectos, xoguetes, materiais.
- O colexio, dependencias habituais: clase, baño, comedor..
- Contribución a espazos limpos e ordenados.

Bloque 2. Achegamento a natureza.

- Identificación dalgúns animais, plantas e elementos naturais.
- Observación da natureza nos cambios de estación: outono, primavera...
- Gozar das actividades o aire libre.
- Observación das plantas e animais do entorno.
- Manipulación de elementos do entorno: froitos de outono, follas, flores, bulbos, plantas ...
- Interese e respecto polo coidado do entorno.
- Identificación dos fenómenos naturais: chove, fai frío, sae o sol...
- Observación do ciclo vital das plantas.

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade.

- Recoñecemento de si mesmo e da súa familia.
- Aceptación da normas que rexen os grupos escolar e familiar.
- Coñecemento e participación en costumes, tradición e festas propias da cultura galega.
- Interese polos acontecementos que suceden o seu arredor.
- Adquisición progresiva de habilidades sociais: saudar, despedirse, dalas grazas...
- Gozar da celebración de acontecementos relevantes: Magosto, Nadal, Entroido

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1. Comunicación xestual e oral.

- Recoñecer e utilizalas posibilidades do corpo para comunicarse.
- Utilización progresiva do xesto e a lingua oral para comunicarse, expresar necesidades e desexos.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, dos obxectos cotiáns e instrumentos musicais.
- Discriminación de sons.
- Adquisición progresiva de pronunciación de vocabulario.
- Iniciación na utilización adecuada dalgunha norma como saudar, despedirse...
- Comprensión de poemas, cancións, poesías
- Utilización de xestos e movementos corporais imitando o adulto.

Bloque 2 .Expresión plástica e musical

- Utilización dos materiais e técnicas de expresión plástica dentro das súas posibilidades.
- Observación, manipulación de obxectos e materiais de cores primarios: vermello, amarelo e azul. Inicio da identificación de maneira progresiva.
- Interese e gozo por mirar, manipular, escoitar, contar, contos, fotos, libros, cancións.
- Actividades de coidado dos materiais, obxectos...
- Gozo das producións plásticas.
- Cancións, baile.
- Identificación de ruído e silencio.

- Participación en danzas sinxelas.
- Interese por escoitar diferentes tipos de música.
- Desexo de explorar posibilidades sonoras do propio corpo, dos obxectos e instrumentos musicais.

Bloque 3. Representación escrita e dramática.

- Interese e gozo pola manipulación de libros, fotos, murais ...
- Control do corpo: actividade, movemento, repouso, relaxación...
- Interese polas producións propias: garabateo, estampado, rachado, engurrado, a mancha...
- Posibilidades expresivas do corpo para expresar e comunicar sentimentos, emocións, necesidades.
- Utilización da danza como medio de expresión.

ESQUEMA DE ACTIVIDADES

SETEMBRO

PERÍODO DE ADAPTACIÓN. Ver anexo.

PRIMEIRO TRIMESTRE

OUTUBRO

AGORA QUE ESTAMOS XUNTOS, IMONOS COÑECER.

- Conversamos cos amiguiños e cas profes.
- Coñecemos a nosa mascota. A tartaruga Manolita.
- Exploramos o noso entorno: a escola
- Toca, toca: manipulamos millo, uvas e cabazas.
- Eu teño unha cariña
- Samaín
- Magosto

NOVEMBRO

FOLLAS E CASTAÑAS, NOCES E GRANADAS

- Xogo cas mans e cos pés.
- Traballamos a mancha.
- Experimento con froitos de outono e cas follas. Bandexas de outono
- Plantamos bulbos
- Amaso e amaso fariña de millo.
- Aprendo co xogo heurístico.

DECEMBRO

POLO NADAL, PANXOLIÑAS E AGASALLOS

- Arbore de Nadal: todo brilla, agasallos, bolas, estrelas
- Estimulación táctil: toca, toca teas, papeis, estropallos, plásticos burbullas
- Experimentamos e saboreamos froitas de inverno: laranxas, limóns, mandarinas, pomelos.
- Receita cos froitos anteriores.
- Vestímonos con roupas de inverno.
- Xogamos ca cor vermella

SEGUNDO TRIMESTRE

XANEIRO

MEDRAMOS XOGANDO E LOGO DESCANSAMOS.

- Salto e salto, estírome e agáchome. Xogo de movemento con coxíns, acolchados, colchonetas, túneles, ramplas, cilindros.
- Facemos masa de xabón e experimentamos
- Tocamos cousas quentes e frías.
- Remexemos e cambia de cor. Tomamos leite quentiño con colacao mollamos a galleta.
- Saímos a percibir a chuvia e o vento
- Día da paz.
- Sementamos

FEBREIRO

VESTIMONOS E ESPÍMONOS. IMOS A DISFRAZARNOS.

- Facemos pintura máxica e pintamos a cara.
- Disfrazámonos
- Xogamos con confeti
- Confeccionamos o noso disfrace.
- Probamos alimentos doces e salgados.
- Preparamos un doce de entroido.

MARZO

MANOLITA PRESENTANOS OS SEUS AMIGOS

- A bailar . Cantamos e facemos música
- Xogo motor: imitamos os animais.
- Facemos coches con caixas de cartón.
- Descubro o espazo. Movémonos por aquí e por alá. Caixas e mais caixas. Entro e saio. Túnel con caixas.
- Subo e baixo: xogo con cremalleras.
- Luces de cores na escuridade : botes, auga de cores, papel de celofán e lanternas
- Xogamos ca cor amarela

TERCEIRO TRIMESTRE

ABRIL

QUE BEN... TEMOS VISITA. PAPÁ E MAMÁ VEÑEN A ESCOLA

- Visitas das familia.
- Onde está... meter e sacar. Botes e caixas dos ovos. Bolas na botella grande. Paus nas caixas. Pelotas no xogo de tubos.
- A que non me atopas. Xogamos a aparecer e desaparecer. Periódicos e teas colgando. Saba grande
- Semana do Libro. Visitas dos avós e avoas.
- Fotos das familias
- Xogamos ca cor azul

MAIO

QUENTA O SOL, SAEN AS FLORES, XOGAMOS CAS CORES.

- Arte: pequenos artistas, grandes obras
- Día da familia
- Xogamos cas flores
- Facemos slime, masa sensorial e moldeamos.

XUÑO

CHEGA O CALOR, ESTAMOS NO VERÁN.

- **Imos de excursión**
- **Sáimos ó patio todo o que poidamos.**
- **Xogamos ca auga**
- **Experimentamos cas froitas da época e facemos xeados.**
- **Cacho.**

SETEMBRO

Empezaremos este novo curso recibindo os nosos cativ@s . Moitos xa son coñecidos pero seguro que a volta das vacacións se senten nerviosos por deixar a papá e mamá. Os que veñen por primeira vez a este lugar descoñecido sentiranse menos seguros e menos protexidos. Por iso, nestes momentos a actitude que adoptemos tanto profes coma familias vai a ser decisiva.

Faremos unha programación anexa para este mes que dedicaremos o **PERÍODO DE ADAPTACIÓN**

Ó longo des mes a incorporación á escola será de forma progresiva. Aproveitamos para facer unha avaliación inicial observando directamente o comportamento dos nen@s tendo en conta a información das familias e así poder facer a proposta de traballo para o primeiro trimestre de maneira máis específica.

PRIMEIRO TRIMESTRE

OUTUBRO

Con anterioridade preparamos o Período de Adaptación ó longo do mes de setembro pero sabemos por outros anos que non todos os nen@s aceptan con satisfacción a estancia na escola despois do remate deste mes. Polo tanto seguiremos en outubro prestando especial atención a aqueles que aínda non están plenamente integrados na nosa escola.

A nosa programación será levada a cabo de maneira flexible dando prioridade a satisfacción das necesidades básicas creando unha serie de rutinas que nos axuden a organizarnos, adquirir hábitos e destrezas, tomar conciencia dos espazo e do tempo e experimentar para desenvolver tódalas capacidades. Teremos moi presente que a diferenza de idade neste período de 1-2 anos é moi significativa xa que as características individuais e o rápido crecemento fai que teñamos que ser moi observadores do grao de maduración e dos logros alcanzados por cada nen@.

AGORA QUE ESTAMOS XUNTOS, ÍMONOS COÑECER

Pretendemos con esta idea que os nosos cativ@s se sintan a gusto na escola, interactuen cos compañeiros, atopen seguridade e confianza nas profes ,coñezan os espazos da escola que imos compartir, a Manolita a nosa mascota de peluche e se vaian adaptando as novas rutinas.

A continuación propoñemos unha serie de actividades para levar a cabo este mes:

- **Rutinas:** A entrada . As familias entregarán os nen@s na aula e as profes recibímolos, xogan libremente mentres non chegan os demais, asemblea, momento do conto, da galleta, hixiene, experimentación cos materiais e alimentos, comida, sesta ...
Na **PROGRAMACIÓN DO PRIMEIRO TRIMESTRE** describiremos de maneira máis detallada cada unha delas

- Intentamos recoñecer a percha de cada un para saber onde están as súas pertenzas.
- Sentamos en asemblea. Dicimos os nosos nomes e tratamos de coñecernos. Aínda que non poden expresar o nome verbalmente seguro que son capaces de identificar ós compañeiros.
- Faremos partícipe a nosa mascota , a tartaruga Manolita.
- Xogamos libremente cos xoguetes que temos na clase: construcións, comidiñas, coches, animais ... As profes participan dese xogo tratando de observar, estimular a aqueles que non se atreven, crear un clima de compartir, saber esperar, pero sempre tratando de que a iniciativa parta do nen@ e sexa el que resolva o problema.
- Contaremos moitos contiños, deixaremos que eles manipulen, pasen a follas fomentando o coidado de non estragalos. Tódolos días a volta do patio intentaremos que se relaxen, despois dun tempo de movemento e contaremos un conto, miraremos unhas fotos, comentaremos un mural...
- Faremos unha visita pola escola para coñecer ós amiguiños das outras clases, as súas profes, as persoas que fan a comida, dirección , os nosos patios
- Escoitaremos música, cantaremos e faremos xestos.
- Faremos psicomotricidade grosa e fina, gateando, arrastrándonos, de xeonllos, saltando, facendo exercicios bucolinguais, aplaudindo ...
- Trataremos de distinguir as partes da nosa cara e o que podemos facer con cada unha delas. Realizaremos diferentes actividades para tomar conciencia de nos mesmos. Expresaremos diferentes emocións. Cantamos cancións relacionadas ca cara.
- Mirámonos no espello e facemos xestos. Quén son, e ti quen es?
- Celebramos os aniversarios dos máis pequenos ca torta, intentando soprar a candeia.
- Sacaremos fotos e colocaremos algunha na clase, o seu alcance, para que vaian alí e se recoñezan.
- Sairemos o patio a xogar cas bicis, coches, na casiña ... Sempre que o tempo o permita sairemos a fóra a xogar e tomalo aire e o sol.
- Xogamos cas cabazas e celebramos o Samaín.
- Celebramos o Magosto manipulando e saboreando as castañas.

NOVEMBRO

Seguimos traballando as rutinas que tanto nos axudan a dar seguridade no paso do tempo. Insistiremos nas destrezas adquiridas e estimularemos novas habilidades.

No mes anterior intentamos recoñecer as parte da nosa cara. Ó longo do mes de novembro tomaremos conciencia do que podemos facer cas nosas mans e pés.

Este mes é propio do outono. Motivaremos os nosos cativos para que perciban os cambios que sofre o noso entorno nesta época do ano.

FOLLAS E CASTAÑAS, NOCES GRANADAS.

- Presentamos froitos propios de outono e manipulamos, ulimos, probamos.....: castañas, noces, piñas, abelás, granadas...
- Traemos follas secas e verdes. Manipulamos, pisamos, xogamos con elas percibindo diferentes sensacións o seu cheiro, textura, cor.
- Ensinamos fotos de paisaxes onde se aprecian características propios destas datas.
- Xogamos cos xoguetes e materiais que temos na clase: cacharriños, coches, animais, pelotas.
- Seguimos nomeando e distinguindo partes da cara en nós, nos compañeiros e nos bonecos.
- Temos dúas mans e dous pés e con eles podemos facer moitas cousas. Iremos conversar e experimentar o que podemos facer: lavar as mans e a cara, secala, sinalar, aplaudir, dicir adeus, indicar silencio, limpar o nariz, pintar, saudar, rifar , agarrar, saltar, gatear, pisar, camiñar ...
- escoitamos música, cantamos, bailamos, facemos xestos.
- Pedimos ás familias bulbos e unha maceta. Plantamos, regamos e cando saian as flores levamos a plantiña a casa.
- Xogamos ca mancha: cas mans e cos pés.
- Pintamos con esponxas en cartolina
- Experimento amasando fariña de millo. Encho e baleiro.
- Garabateamos en papel continuo.
- Traballamos a pinza dixital tratando de coller cousas pequeniñas.
- Facemos xogo heurístico.

DECEMBRO

Preparámonos para recibir O Nadal e percibila entrada do inverno. O entorno énchese de colorido, todo brilla, escóitanse panxoliñas

POLO NADAL, PANXOLIÑAS E AGASALLOS

- Conversamos e mostramos fotos, contos, murais onde aparezan mostras deste acontecemento.
- escoitamos e cantamos panxoliñas
 - Traemos a clase papeis brillantes, serpentinas, espumillóns, bolas, campás, estrelas ...
 - Debuxamos unha árbore de Nadal e decorámolo de maneira sinxela.
 - Xogamos cos instrumentos: pandeiretas, campás, tambores, as cunchas ... facemos ritmos, ruído, logo todos quietiños distinguimos o silencio.
 - Falamos do Papá Noel que temos na entrada da escola e podemos ir facerlle unha visita.
 - Vestímonos de Papá Noel e sacamos fotos.
 - Vestímonos con roupas de inverno.
 - Experimentamos con froitas da tempada: laranxas, limóns, mandarinas, pomelos, kiwis. Tocamos, ulimos, intentamos que cada un pele a súa mandarina, saboreamos, facemos zume.
 - Facemos unha receita que leve algún deses froitos.
 - Xogamos ca cor vermella
 - Facemos estimulación táctil: estropallos de diferentes tipos, teas, papeis, plásticos de burbullas , ...

- Colgamos globos do tendal e pasamos debaixo agachadiños, colocámoslos máis arriba e dámoslle cas mans, ...
- Intentamos collernos das mans e xogar a roda.
- Xogamos cas pelotas pequenas a encher na caixa, logo tiralas dende o alto, volver a encher.... Poñémolas nunha saba e collendo entre todos tirámoslas o aire
- Faremos un traballiño para felicitar o Nadal ás familias.
- Traemos caixas pequenas. Metemos dentro algún xoguete. Envolvevemos con papel de agasalho, poñemos unha cinta e outro día abrimos e vemos o que temos dentro.

SEGUNDO TRIMESTRE

XANEIRO

Estes dous meses traen alegría e ilusión. Son moi pequenos e non son conscientes do que implica a chegada dos Reis pero os maiores enchémolas casas de fantasía , agasallos, xoguetes Aquí na escola tamén falaremos do tema.

MEDRAMOS XOGANDO E LOGO DESCANSAMOS

- Seguimos cas conversas dos Reis Magos.
- O mellor veñen a escola a buscalas cartas. Si é así terémola prepara.
- Manipulamos catálogos de xoguetes. Comentamos aqueles que nos gustan.
- Facemos xogos de movemento polo espazo: levantamos os brazos, baixámoslos, saltamos, abrimos as pernas, pechámolas, estirámonos, agachámonos, deitámonos, pasamos polo túnel, ramplas, cilindros, poñemos obstáculos e sorteámoslos, ...Para rematala sesión deitámonos, tapámonos con trapiños e escoitamos música tranquila que invite a relaxarnos.
- Facemos masa de xabón e experimentamos. Percibimos o olor, a textura, despois lavamos as mans e quedan suaves.
- Falamos do inverno, da neve, do frío, da chuvia, do vento, das roupas que poñemos para estar quentiños
- Xogamos a vestirnos e espirmos con bufandas, gorros e luvas.
- Tocamos cousas quentes e frías.
- Dicímoslle as familias que veñan preparados e saímos a fora a percibir o vento, a chuvia, o frío
- A hora da galleta preparamos leite quentiño, botámoslle un pouco colacao, miramos como cambia de cor ó remexer, mollamos a galleta e tomámolo.
- Celebramos o Día da Paz. En colaboración cos demais amiguiños da escola prepararemos algo especial.
- Non decidimos o que pero sementaremos algo en macetas para remexer na terra e ir vendo como coidándoas nacen e medran as plantiñas.

FEBREIRO

ENTROIDO 20,21,22.

VESTÍMONOS E ESPÍMONOS. IMOS A DISFRAZARNOS

Este mes toca disfraces. É tempo de Entroido e no noso entorno percíbese alegría.

- Coma sempre falaremos do tema na asemblea. Decoraremos as nosas clases con caretas, antefaces, guirnaldas , serpentinas...
- Traeremos roupiñas, gorros, bolsos e vestímonos , poñerémonos guapos, mirarémonos no espello e xogaremos a ser entroidiños.
- Decoraremos algunha careta e anteface e axustaremos uns ós outros.
- Faremos pintura máxica e pintarémola cara.
- Disfrazarémonos e sacaremos moitas fotos.
- Confeccionamos o noso disfrace segundo a temática que se escolla na escola chegado o momento.
- Xogamos co confeti. Logo temos que axudar a recoller.
- Probamos alimentos doces e salgados.
- Facemos un doce para celebralo Entroido.
- Coma sempre faremos psicomotricidade tanto fina coma grosa para adquirir novas destrezas e traballalo equilibrio, a forza, a estabilidade ...
- Seguiremos co xogo heurístico desenvolvendo a imaxinación libremente e buscando a asociación, clasificación etc. dos elementos que lles ofrecemos.

MARZO

Este mes imos falar dos animais, da música e **MANOLITA PRESENTANOS OS SEUS AMIGOS.**

- Nas nosas conversas da Asemblea Manolita, a nosa mascota, presentaranos os seus amigos. Trataremos de recoñecelos e imitalos na súa maneira de comunicarse.
- Xogaremos cos animalíños que temos na clase tratando de recoñecelos.
- Comentaremos fotos, murais, contíños onde aparecen animais para recoñecelos e ir adquirindo vocabulario .
- Faremos xogo motor imitando os animais. Aproveitamos fotos onde os animais tamén bailan.
- Contaremos contíños utilizando os monicreques e o teatriño.
- Escoltaremos diferentes tipos de música, cantaremos e bailaremos.
- Tocaremos con diferentes obxectos facendo música: metal, madeira, cunchas, botes ...
- Movémonos por aquí e acolá. Caixas e máis caixas. Poñémoslle ventaniñas de celofán e mirámonos. Coñecemos o espazo. Facemos un túnel e pasamos
- Facemos coches con caixas e metémonos dentro.
- Poñemos a clase a escuras e con lanternas xogamos ca luz e a escuridade. Poñemos botes con auga de cores e vemos os efectos que fai a luz da lanterna. Con papeis de celofán tamén se ve todo de diferente cor.
- Pegamos nun mural diferentes cremalleras e xogarán a subir e baixar.
- Xogamos ca cor amarela e comparamos ca vermella.
- Xogamos a meter e sacar bolas no xogo de tubos e na botella grande.

TERCEIRO TRIMESTRE

ABRIL

A nosa familia é o máis importante nas nosas vidas. Fundamental na dun nen@. Desde a escola consideramos que axudamos a que medren e se desenvolvan. Parécenos que debemos ter unha relación de colaboración e polo tanto ó longo deste mes imos invitar ás familias a pasar un ratiño con nós.

QUE BEN.... TEMOS VISITA . PAPÁ E MAMÁ VEÑEN A ESCOLA

- Pedimos ás familias unha foto onde estean os principais membros. Colocarémola na clase ó alcance dos nen@s para que se identifiquen e distinguan tamén ós dos demais.
- Invitaremos ás familias a pasar un ratiño con nós facendo unha actividade sinxela.
- Conversaremos sobre as nosas familias. Como se chama papá , mamá, os irmáns, quen nos quere moito, quen nos coida e tamén nos rifa ...
- Mostramos contíños e fotos onde aparecen papás, mamás. Todos temos. Cada un os seus.
- Xogamos cos bonecos a coidalos, darlle comidiñas, limpalos con toalliñas, acariñalos.
- Xogamos a dar bicos e abrazos uns ós outros.
- Facemos exercicios bucolinguais: abrir a boca, sacar a lingua, tirar bicos, facer diferentes sons, inchar os cachetes, choramos, rimos, esbirramos, tusimos ...
- Facemos un mural con diferentes texturas.
- Onde está? Metemos e sacamos cousiñas dentro de botes, depresores nos cartóns dos ovos, pelotas no xoguete de tubos, en rolos de papel, facemos buratos nunha caixa e introducimos cousas neles...
- A que non me atopas. Xogamos a aparecer e desaparecer. Con periódicos colgados coma cortinas pasamos debaixo, teas , sabas.
- Celebramos a semana do libro. Traerán libros da casa e compartirémolos.
- Invitamos ós avós e avoas a que veñan a contarnos un contiño.
- Xogamos ca cor azul.

MAIO

Estamos en plena primavera e o noso entorno enchese de cor. Animaremos ós cativos a que o perciban. Ademais dedicaremos un tempo especial a ser artistas. Xa somos tódolos días pero este mes é especial.

QUENTA O SOL, SAEN AS FLORES, XOGAMOS CAS CORES

- Creamos na clase un ambiente especial con colorido primaveral e conversamos sobre o tema valendo de diferentes soportes.
- Celebramos o Día da familia. No seu momento decidiremos o plan de traballo.
- Xogamos cas flores. Traemos flores, ulímolos, sacámoslle os pétalos, as follas dicimos o seu nome. Poñemos algunhas en auga. Os pétalos nunha caixa e logo ulímolos. Seguro que a nosa clase ten un perfume especial.
- Decoramos algunha flor
- Facemos un mural da primavera.
- Dedicarémolle un tempo especial a facer arte: pequenos artistas , grandes obras. Decidiremos no seu momento como será o proxecto en colaboración co resto da escola.
- Cantamos Cancións da primavera, escoitamos música e bailamos.

- Facemos psicomotricidade imitando os paxariños que voan, as bolboretas que van de flor en flor, o vento que sopra, tomamos o sol na praia, nadamos ...
- Saímos a fóra a escoitar os paxariños, tomar o aire e coller flores do campo.
- Falamos dos animalíños que saen na primavera a tomar o sol.
- Facemos masa sensorial de cores e moldeamos e beliscamos

XUÑO

Chega o verán e con el as vacacións. Xa se percibe o bo tempo e estamos algo cansos. Imos falar nas nosas clases das vacacións, do que facemos no verán e do moito que medramos ó longo deste curso.

CHEGA O CALOR, ESTAMOS NO VERÁN

- Conversas sobre o tema e mostramos contos e fotos onde aparecen escenas e paisaxes relacionados.
- Conversamos tamén dos medios de transporte que usamos para viaxar.
- Escoitamos e distinguimos sons
- Falamos do sol e a lúa.
- Saímos a fóra o máis que poidamos sempre que o tempo o permita. Despois de vir do patio lavaremos as mans e secarémolas.
- Si é posible faremos unha saída a algún dos parques de Bertamiráns.
- Xogamos ca auga.
- Pediremos plantiñas as familias e faremos o Cacho. Ulimos as plantiñas, metémolas en auga, lavamos a cara.
- Experimentamos con froitas da tempada. Ulimos, tocamos, facemos zume, pelamos e comemos. Poñemos a mesa .Utilizamos garfo, culler, prato, vaso e pano.
- Faremos xeados cas froitas e logo comémolos.
- Facemos un mural do verán: Estampamos de azul o ceo, poñemos papel de celofán amarelo no sol, mesturamos azul con branco e cos pinceis pintamos as olas do mar, pintamos con ceras nun folio e logo as profes fan barquiños de papel e colocámolos navegando polo mar.
- Mostramos murais, contos, fotos de nenos e nenas e nomeamos partes do corpo e que facemos con elas.
- Seguro que xa coñecemos moitas partes do noso corpo. Deitadiños sobre papel grande debuxamos a nosa silueta e logo debuxámoslle partes do corpo e poñémoslle roupiña

Cada día teremos moitos momentos de xogo libre cos xoguetes que temos na clase. Ademais faremos puzles, encaixables, torres, xogos cas pelotas, cos bolos, faremos moita ximnasia, xogo heurístico, cantaremos, escoitaremos música, bailaremos, faremos corros e por suposto todas as rutinas de alimentación, descanso, hixiene, momento dos contos, saídas os patios ... Trátase de experimentar, investigar, actuar sobre os obxectos, aprender xogando e sobre todo estar a gusto e querernos moito.

Estas son algunhas das actividades que propoñemos para traballar cos cativos. Sérvenos como proposta e levarémolas a cabo esta de maneira flexible. Na programación de cada trimestre e semanalmente iremos adaptándoas as circunstancias do momento. Seguro que algunhas non será posible facelas e outras diferentes poden xurdir no seu momento.

AULAS 2-3-ANOS

INTRODUCCIÓN

Durante todo o curso acompañaranos de novo, a nosa mascota: Caracol de calcetín. Para os nenos e nenas que veñen por primeira vez á escola será algo novo e sorprendente, pero para os que xa compartiron con nós o curso pasado en 1 a 2, será un reencontro cheo de tenrura e cariño, posto que lle queren moito a Caracol e xa compartiron con él moitísimas experiencias. Con él xogaremos, cantaremos, bailaremos, iremos de excursión

As actividades que levaremos a cabo o longo deste curso están organizadas por trimestres, e parten de diferentes centros de interese. Os nenos e nenas aos que van dirixidas as seguintes actividades están repartidos en tres grupos: 2 a 3 A, 2 a 3 B e 2 a 3 C, cada unha delas cunha capacidade para 20 nenos e nenas, facendo un total de 60 cativos e cativas cos que compartir todo tipo de experiencias.

Na escola infantil todos os momentos son importantes, pero merecen especial atención a chegada de cada neno e cada nena, a despedida e aqueles nos que se dé un contacto moito máis persoal (hixiene, comida e descanso). Estes momentos teñen unha gran importancia para eles, pois a través dos mesmos séntense atendidos persoalmente, debendo tratarse como momentos privilexiados de contacto con eles que favorecerán que os nenos se sintan seguros e queridos na escola.

É importante que os nenos e nenas vaian coñecendo e comprendendo o horario do grupo. Crearemos rutinas como a da galleta e auga, os cambios de cueiros...ofrecendo rituais como cancións, retahílas, xestos ou sons concretos, pois axudaránlles a situarse no tempo e adaptar o seu comportamento á actividade que realizaremos a continuación,

A partir do momento no que os nenos e nenas xa están adaptados ó entorno escolar, e sen obviar a importancia das rutinas ligadas ás necesidades biolóxicas, é o momento de planificar tempos concretos para actividades que perseguen a consecución dos obxectivos educativos propostos para cada grupo de nenos e nenas. Estes tempos estarán en función dos intereses dos cativos en cada momento, sendo mestras e educadoras as que valoren si é adecuado ou non desenrolar unha actividade colectiva ou individual dirixida. Debemos ter en conta que calquera situación é potencialmente educativa. As educadoras adaptarán as actividades programadas ás características do seu grupo de nenos e nenas, respectando en todo momento as diferencias madurativas que poidan existir tanto a nivel motriz coma lingüístico, cognitivo, psicolóxico...etc.

ESQUEMA DE ACTIVIDADES

PRIMEIRO TRIMESTRE

OUTUBRO

- Excursión ao Pazo da Peregrina para recoller follas secas e observar os cambios que se producen no noso contorno.
- Horto: plantamos bulbos de diferentes flores e landras en botellas de plástico.
- Iniciación ao ioga con posturas de activación e de relaxación.
- Sesións de psicomotricidade.
- Traballamos as emocións a través de varios contos "O Monstro das Cores", "Quando estoy contento", "Quando estoy triste", "Quando estoy enfadado", "La ovejita que vino a cenar", "Monstruo triste, monstruo contento"...
- Actividades coa cor amarela. (Libro das Cores).
- Ciencia: Volcán de limón
- Pedimos ás familias produtos típicos do outono para manipular na aula.
- Celebramos o Magosto (soamente con castañas)
- Manualidade de outono.
- Cociña: elaboramos un postre con produtos típicos do outono.
- Celebramos o Samaín.

NOVEMBRO

- Mes da Música. Invitamos ás familias a participar.
- Manualidade: instrumento musical con materiais de refugallo.
- Iniciación ao ioga con posturas de activación e de relaxación.
- Sesións de psicomotricidade.
- Ciencia: Lápara de lava
- Excursión ao Centro de Día de Bertamirans (a clase B).
- Traballamos as emocións a través de varios contos "O Monstro das Cores", "Quando estoy contento", "Quando estoy triste", "Quando estoy enfadado", "La ovejita que vino a cenar", "Monstruo triste, monstruo contento"...

DECEMBRO

- Preparamos a actuación cos nenos e nenas para o Festival de Nadal.
- Excursión: imos a Correos a levar as cartas para os Reis Magos.
- Actividades coa cor vermella (libro das cores).
- Traballamos as emocións a través de varios contos "O Monstro das Cores", "Quando estoy contento", "Quando estoy triste", "Quando estoy enfadado", "La ovejita que vino a cenar", "Monstruo triste, monstruo contento"...
- Ciencia: Ovo Saltarín
- Cociña: facemos galletas navideñas.
- Sesións de psicomotricidade e ioga.
- Coidamos o noso horto.
- Manualidade de Nadal.

SEGUNDO TRIMESTRE

XANEIRO

- Celebramos o Día da Paz.

- Contos da Paz: "O día das apertas" e "No hace falta la voz"
- Actividades coa cor azul (libro das cores).
- Cociña: facemos "Palmeiras".
- Coidamos o noso horto.
- Sesións de psicomotricidade e ioga.
- Ciencia: Fluído newtoniano.
- Coñecemos o noso corpo e estimulamos os nosos sentidos.
- Conto: "Elmer"

FEBREIRO

- Elaboramos o noso disfraz para o entroido.
- Festa de Entroido. (semana do 13 ao 17 de febreiro)
- Coñecemos o noso corpo e estimulamos os nosos sentidos.
- Conto: "Elmer"
- Ciencia: Frechas máxicas e Cores que desaparecen na auga.

MARZO

- Celebramos o Mes dos Animais.
- Imos de excursión a unha granxa.
- Visitas das nosas MASCOTAS á escola.
- Ciencia: Gusanos saltaríns.
- Actividades coa cor verde (libro das cores).
- Coñecemos o noso corpo e estimulamos os nosos sentidos.
- Conto: "Elmer"
- Sesións de psicomotricidade e ioga.
- Cociña:"Pedras do Bosque" con chocolate e arroz inflado, améndoas...
- Excursión ao Centro de Dia de Bertamirans (a clase C).

TERCEIRO TRIMESTRE

ABRIL

- Celebramos A Semana do Libro (17 ao 21 de abril)
- Celebramos as Xornadas de Portas Abertas ao longo de todo o mes de abril.O tema a tratar será as profesións dos pais e nais dos nenos e nenas.
- Visita dos Bombeiros á nosa escola ou visita dos nenos ao Parque de Bombeiros.
- Actividades coas cores amarelo, vermello, azul e verde (libro das cores).
- Coidamos o noso horto.
- Ciencia: Flores máxicas.
- Traballamos o control de esfínteres a través de varios contos como:"Podo mirar o teu cueiro?", "O penico de Lulú"... e tamén intentamos que os chupetes xa practicamente non se utilicen con contos do tipo"Adiós chupete".
- Sesións de psicomotricidade e ioga.

MAIO

- Celebramos O Mes da Arte.
- Facemos manualidade para a Familia.
- Actividades (libro das cores).
- Ciencia: Arco da vella con lacasitos.
- Traballamos o control de esfínteres a través de varios contos como:"Podo mirar o teu cueiro?", "O penico de Lulú"... e tamén intentamos que os chupetes xa practicamente non se utilicen con contos do tipo"Adiós chupete".
- Cociña: facemos un biscoito
- Coidamos do noso horto.
- Sesións de psicomotricidade e ioga.
- Excursión ao Centro de Día de Bertamirans (a clase A).
- Preparar actuacións para Festival Fin de Curso.

XUÑO

- Celebramos o Día Mundial do Medio Ambiente o 5 de xuño. (Transplantamos os carballos ou taller sobre reciclaxe de residuos: ¿qué lixos botamos en cada contenedor??).
- Facemos actividades con auga.(mesa de auga, piscinas, lavar bonecos e cacharriños...).
- Ciencia: Debuxos que flotan e Ovos de dinosaurio
- Cociña: Xeados de froitas.
- Imos de excursión a un Parque de Bertamiráns.
- Sesións de psicomotricidade e ioga.
- Traballamos o control de esfínteres a través de varios contos como:"Podo mirar o teu cueiro?", "O penico de Lulú"... e tamén intentamos que os chupetes xa practicamente non se utilicen con contos do tipo"Adiós chupete".
- Taller sobre Educación Vial.
- Excursión aos coles : A Maía, Barouta e Agro do Muíño. (cada clase a ún deles).
- Entregamos o LIBRO DAS CORES, realizado ao longo de todo o curso.
- Celebramos O Cacho.
- Organizamos a Festa de Fin de Curso.

PROGRAMACIÓN

ÁREA: COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.

OBXECTIVOS

- Tomar conciencia do propio corpo identificándoo global e segmentariamente.
- Recoñecer os sentidos como fontes de sensacións empregándoos para o coñecemento do seu mundo circundante.
- Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ao manexo de útiles e materiais presentes no seu contorno.
- Adquirir o control postural e dinámico do seu corpo mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e no descubrimento.

- Tomar conciencia das características persoais identificando as calidades que o definen como individuo singular.
- Afianzar a propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo.
- Adquirir autoestima esforzándose no desenvolvemento das actividades cotiás.
- Iniciarse co control do propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses coa interiorización das normas e valores sociais.
- Iniciarse na tolerancia da frustración demorando a satisfacción dos desexos
- Satisfacer as súas necesidades básicas adquirindo hábitos de coidado persoal.

CONTIDOS

Bloque 1: O corpo.

- Descubrimento e control global e segmentario do propio corpo.
- Descubrimento dos sentidos como fonte de sensacións.
- Construcción progresiva e toma de conciencia mental do propio corpo.
- Potenciación das destrezas e habilidades na manipulación de instrumentos, ferramentas e materiais.
- Adquisición progresiva do equilibrio estático e dinámico.
- Vivencia e control do corpo en relación ao movemento, ás dimensións do espazo e ao movemento dos demais.
- Adaptación do ton muscular e da postura ás distintas situacións cotiás.
- Axuste do propio movemento ao espazo e aos movementos dos e das demais.
- Potenciación da iniciativa e do esforzo na conquista dos desprazamentos do corpo e dos obxectos.
- Exploración e identificación das posibilidades motrices.

Bloque 2: A identidade, a autoestima e as emocións.

- Identificación e recoñecemento das características e calidades persoais cara a unha aceptación da propia imaxe, valorando positivamente as diferenzas como elemento definidor.
- Identificación co propio nome, co grupo familiar de pertenza e co lugar onde vive como vehículos da expresión da identidade.
- Toma de conciencia progresiva do seu sexo, evitando a instalación prematura de estereotipos de xénero.
- Identificación e afirmación dos propios gustos, e do que desagrada, evitando situacións de submisión ou dilución do individuo no grupo.
- Establecemento de hábitos elementais de esforzo e perseveranza para abordar as tarefas cotiás, amosando confianza nas propias competencias.
- Fomento da capacidade de escolla entre varias alternativas, asumindo as consecuencias das propias accións.

- Identificación das emocións básicas e das súas manifestacións habituais empregando expresións socialmente aceptadas.
- Coñecemento da importancia do perdón e o agradecemento.
- Actitude de paciencia e espera, na procura dunha resposta axeitada diante da demora dos desexos.
- Evitación da resposta agresiva diante da frustración para camiñar cara ao emprego da negociación para a xestión de problemas cos e coas demais.
- Ampliación dos lazos afectivos con outras persoas adultas, para obter seguridade e aceptar axuda.

Bloque 3: O coidado persoal.

- Iniciativa na comida autónoma.
- Incorporación paulatina na dieta de novos alimentos e texturas na súa gradual presentación.
- Discriminación progresiva dos alimentos saudables valorando o seu consumo.
- Recoñecemento da comida como feito pracenteiro e non só nutricional.
- Adquisición da autonomía progresiva nos hábitos de hixiene e limpeza.
- Vivencia da sensación de limpeza e aspecto coidado.
- Regulación progresiva dos ritmos de sono e vixilia, actividade e descanso, acción e relaxación.
- Recoñecemento da propia roupa e colaboración progresiva no vestido.
- Emprego axeitado da roupa segundo as condicións climáticas e as actividades que realiza.
- Identificación dos riscos habituais no seu contorno e utilización de estratexias e recursos adecuados para evitalos.
- Equilibración da necesaria prevención e o desafío precisos para a exploración e o descubrimento.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO.

OBXECTIVOS

- Observar o seu contorno, identificando as propiedades dos obxectos para establecer comparacións.
- Establecer relacións causa-efecto, percibindo as consecuencias das súas accións nos obxectos ou persoas do seu contorno.
- Descubrir formas de protexer o seu contorno como son o refugallo e reutilización de distintos materiais.
- Resolver situacións problemáticas con obxectos, ensaiando diferentes estratexias de resolución.
- Empregar cuantificadores e medidas relacionándoas con situacións cotiás.
- Identificar as nocións espaciais establecendo relacións cos obxectos e as persoas coas que interactúa.
- Identificar secuencias temporais relacionándoas coas rutinas e períodos de tempo habituais.

- Descubrir as características dos animais e vexetais, diferenciando os seres vivos doutros elementos e materiais presentes nos seu contorno inmediato.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración e pertenza baseándoas no respecto ás persoas e ás normas da sociedade.
- Apreciar as celebracións persoais e comunitarias importantes para as persoas valorándoas como actividades que constrúen a vida en sociedade.
- Apreciar algúns elementos significativos propios da cultura galega.
- Identificar as funcións dos grupos e das organizacións descubrindo as principais características e actividades das persoas que as conforman.

CONTIDOS

Bloque 1: O medio físico.

- Exploración de obxectos e materiais diversos a través dos sentidos e de diferentes accións.
- Identificación, denominación e comparación de calidades sensoriais, características morfolóxicas e funcionais de obxectos e materiais do seu medio.
- Identificación dos principais produtos elaborados polos seres humanos presentes no seu contorno.
- Emprego dalgunha das ferramentas tecnolóxicas máis habituais.
- Identificación de características constantes e variables.
- Establecemento de relacións: ordenación, correspondencia, clasificación.
- Estimación de cantidades e medidas.
- Experimentación de diferentes accións sobre os obxectos e materiais.
- Construcción de nocións xeométricas e topográficas.
- Construcción de nocións temporais.

Bloque 2: Achegamento á natureza.

- Identificación de características de animais, plantas e elementos naturais.
- Identificación dos hábitats dos animais e das plantas.
- Experimentación de accións sobre o medio natural.
- Identificación de técnicas de refugallo.
- Curiosidade, coidado e respecto polos animais e plantas e polos seus hábitats.
- Coñecementos diversos sobre os fenómenos naturais.
- Recoñecemento sobre posibles perigos dalgúns fenómenos naturais.
- Coñecementos diversos sobre os elementos xeográficos.
- Interese e respecto polo coidado e conservación do seu contorno.

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade.

- Recoñecemento de diversos aspectos sobre a familia.
- Coñecemento de diversos aspectos sobre a escola infantil.

- Coñecementos diversos sobre algunhas profesións e servizos: ferramentas, vestuario, e espazos onde desenvolven a súa actividade, sempre cunha perspectiva coeducativa e evitando estereotipos sexistas.
- Coñecemento e participación en costumes, tradicións da cultura galega e celebracións persoais.
- Sentimento de pertenza aos grupos máis próximos e actitude de respecto e valoración cara ás outras persoas.
- Interese e curiosidade polos acontecementos que suceden ao seu arredor.
- Identificación e adopción de comportamentos socialmente axeitados.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

OBXECTIVOS

- Utilizar as diversas linguaxes entendéndoas como instrumentos de comunicación entre as persoas, de expresión das ideas e sentimentos e de representación da realidade.
- Comprender a intencionalidade comunicativa das persoas, adoptando unha actitude positiva para esa comunicación.
- Empregar a xestualidade e as manifestacións corporais identificándoas como unha forma de comunicación humana.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais valorándoas como ferramentas de relación cos demais.
- Empregar a linguaxe plástica identificándoa como un medio de expresión de sentimentos e desexos e de representación da realidade.
- Sentir o feito musical identificándoo como un medio de expresión e manifestación cultural.
- Empregar creativamente as diferentes linguaxes axustando as técnicas expresivas aos seus intereses e sentimentos.
- Descubrir a escrita identificándoa como representación de ideas, pensamentos e conceptos elaborados pola comunidade.
- Amosar interese polas producións dramáticas valoradas como unha posibilidade de gozo persoal.

CONTIDOS

Bloque 1: Comunicación xestual e oral.

- Recoñecemento e utilización das posibilidades do corpo para comunicar.
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais para o intercambio afectivo.
- Interese e creatividade na utilización do corpo como medio de expresión.
- Utilización do movemento e da danza como medios de expresión.
- Iniciarse na participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, xogos colectivos e outros.
- Iniciarse no emprego de vocabulario preciso, usándoo con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as súas competencias comunicativas.

- Iniciarse no emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas.
- Valoración da lingua oral como instrumento esencial para a comunicación.

Bloque 2: Expresión plástica e musical.

- Utilización de técnicas e elementos básicos para a expresión plástica.
- Interese e gozo pola experimentación e creación de obras plásticas.
- Observación, interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes no contorno.
- Valoración e respecto polas producións propias e polas dos demais.
- Exploración das posibilidades sonoras do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social.
- Interese e gozo coa audición e recoñecemento das diferentes obras musicais.
- Participación activa e gozo na interpretación de cancións e xogos musicais.
- Utilización de instrumentos musicais para acompañar as producións musicais.

Bloque 3. Representación escrita e dramática.

- Observación e interese polo significado de signos e símbolos presentes na vida cotiá.
- Descuberta e interese da funcionalidade de textos diversos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Interese e gozo ao mirar libros e escoitar a súa lectura.
- Recoñecemento dos elementos básicos dos relatos escoitados ou vistos.
- Interese por comunicar interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias.
- Comprensión das situacións representadas nos relatos escoitados ou vistos.
- Identificación de diferentes xeitos de representación dramática.
- Interese e gozo ao mirar e participar en representacións dramáticas.

ACTIVIDADES

SETEMBRO: Adaptación. (ver programación específica).

ACTIVIDADES COMÚNS A TODOS OS TRIMESTRES:

- Asamblea: saúdos, comentamos novidades, experiencias, introducimos o tema do día... Caracol, a nosa mascota, danos os

bos días un biquiño e unha aperta. Cubrimos o calendario climático.

- Cambio de cueiros.
- Bebemos auga e tomamos galleta.
- Saímos ó recreo.
- Lavamos as mans antes de xantar.
- Xantamos.
- Durmimos a sesta.
- Merendamos.
- Aprendemos a saudar e despedirnos das educadoras e das compañeiras e compañeiros.
- Xogo libre na clase e no patio.
- Xogo dirixido.
- Psicomotricidade (unha vez por semana).
- loga de activación e relaxación.
- Celebramos os aniversarios.
- Realizamos diversas fichas relacionadas cos contidos que traballamos na aula.
- Realizamos o LIBRO DAS CORES. A finais de curso cada neno e cada nena levará o libro á súa casa para compartir esas actividades coa familia.

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE CADA TRIMESTRE

PRIMEIRO TRIMESTRE

Ao longo deste trimestre organizaremos o noso traballo en tres unidades didácticas, e a súa duración será dun mes cada unha. Os centros de interese cambiarán en cada unidade así como a decoración das aulas. Traballaremos ao longo deste trimestre AS EMOCIÓN. Apoiarémonos en contos como “O monstro das cores”, “O monstro das cores vai ao cole”, “Monstro triste, monstro feliz”, a colección “Cuando estoy triste”, “Cuando estoy enfadado”... “La ovejita que vino a cenar”...

UNIDADE 1: O OUTONO NO NOSO COLE.

UNIDADE 2: CÁNTO NOS GUSTA A MÚSICA!!!

UNIDADE 3 :CELEBRAMOS O NADAL TODOS XUNTIÑOS.

As seguintes actividades son un resumo das actividades máis importantes que levaremos a cabo ao longo deste trimestre.

- Cada día, ó inicio da clase, celebraremos a nosa ASAMBLEA na que falaremos das actividades que imos levar a cabo ese día, compartimos as nosas emocións, falamos de si estamos contentos ou tristes, contamos si fixemos algunha cousa interesante o día anterior na casa...
- Plantaremos no noso HORTO bulbos de diferentes flores e Landras aportados polas familias.
- Coñeceremos as instalacións da escola.

- Coñeceremos os nomes dos nosos compañeiros e compañeiras e das mestras e educadoras.
- Recoñeceremos e identificaremos neno e nena e as características diferenciais dos seus corpos.
- Realizaremos diversas actividades para diferenciar obxectos segundo o seu tamaño: grande-pequeno.
- Experimentaremos diferentes técnicas plásticas: con pintura de dedos estamparemos, reencheremos, faremos garabatos...
- Traballaremos as EMOCIÓNs a través dos contos “O Monstro das cores”, “O monstro das cores vai ao cole”, “Monstro triste, monstro feliz”. A colección “Cuando estoy...triste, enfadado...” entre outros contos.
- escoitaremos contos o mais atentamente que sexamos capaces.
- Miraremos contos no recuncho dos contos.
- escoitaremos pezas de música clásica.
- Aprenderemos cancións infantís.
- Realizaremos un calendario climatolóxico.
- Identificaremos a cor amarela.
- Identificaremos as nocións espaciais arriba/abaixo.
- Pegaremos gomets.
- Faremos garabatos con ceras, coas mans molladas en témperas, con pinceis, con esponxas... en papel contínuo, en folios, na pizarra, no aire...
- Iniciarémonos no hábito de lavar e secar as mans.
- Identificaremos a forma circular.
- Diferenciaremos os cuantificadores: moitos/poucos.
- Identificaremos a cor vermella.
- Ampliaremos o noso vocabulario referente á alimentación: utensilios para comer, tipos de alimentos habituais na nosa dieta, tempos de comida (almorzo, comida, merenda e cea).
- Leremos imaxes.
- Realizaremos manualidades variadas relacionadas coa temática de cada unidade.
- Decoraremos as aulas en función dos centros de interese.
- Participaremos na FESTA DO MAGOSTO. O día anterior, mestras e educadoras prepararemos as castañas aportadas polas familias para saborealas o día da festa, asadas e cocidas, rematando cun animado baile.
- Manipularemos e ollaremos produtos típicos do outono aportados polas familias: cabazas, castañas, ourizos, follas ...
- Decoraremos cabazas e disfrazarémonos de vampiros e bruxas para celebrar o SAMAÍN.
- Faremos a nosa primeira EXCURSIÓN deste curso: iremos ó PAZO DA PEREGRINA a recoller follas secas.
- Visitaremos O CENTRO DE DÍA de Bertamiráns.(Clase B).
- Realizaremos varios experimentos científicos: Volcán de limón, Lámpara de lava e Ovo saltarín.
- Celebraremos O MES DA MÚSICA o longo do mes de novembro. escoitaremos diferentes audicións musicais, incidindo cada semana nun instrumento diferente, falando dos compositores...

Invitaremos ás nosas familias a vir á escola e deleitarnos cunha peza musical tocando algún instrumento, bailando....

- Diferenciamos os sons longos e curtos.
- Realizaremos unha manualidade: instrumento musical feito con materiais de refugallo.
- O longo do mes de decembro a escola decorarase con motivos navideños e prepararemos a nosa importantísima actuación para o FESTIVAL DE NADAL.
- Faremos galletas navideñas.

SEGUNDO TRIMESTRE

No segundo trimestre, xa despois das festas de Nadal, desenrolaremos as seguintes unidades didácticas, cada unha ao longo dun mes.

UNIDADE 4: CARACOL TEN MOITO FRÍO.

UNIDADE 5: DISFRAZÁMONOS???

UNIDADE 6: VIVAN OS ANIMAIS!!!

Neste trimestre, afondaremos no coñecemento do corpo, descubriremos os sentidos e investigaremos con eles as características que definen a moitos obxectos, por exemplo o aroma das froitas, o cheiro dos cueiros, as cores das hortalizas... Coñeceremos o noso corpo con detalle e valoraremos positivamente as diferenzas físicas que hai entre unhas persoas e outras, aprendendo a non discriminar a ninguén que sexa diferente a nós. Apoiarémonos no conto de “Elmer”.

As actividades máis destacables son as seguintes:

- Decoraremos as aulas en función dos centros de interese.
- Celebraremos a ASAMBLEA ó inicio da sesión da clase. Falaremos das actividades que imos facer, observaremos a climatoloxía, charlamos sobre nós, si estamos contentos ou tristes, cansados ou con ganas de traballar...
- Iniciarémonos no hábito de poñer soños os mandilóns.
- Coñeceremos o noso corpo e o dos compañeir@s sendo conscientes das nosas semellanzas e das nosas diferenzas. Utilizaremos o libro “ Mi cuerpo” como referencia para ir investigando cada parte do noso corpo.
- Contaremos o conto de “Elmer” utilizando distintos soportes e incidindo no respecto ás diferenzas que temos entre todos nós.
- Traballaremos os SENTIDOS realizando xogos e experiencias interesantes .
- Experimentaremos a facer “Palmeiras”.
- Seguiremos traballando coas cores vermella e amarela.
- Coñeceremos e traballaremos a cor azul.
- Celebraremos o DÍA DA PAZ.
- Traballaremos a Paz dando a coñecer os seguintes contos:”O día das apertas” e “No hace falta la voz”.

- Incidiremos mais sobre a forma circular e introduciremos a forma cadrada.
- Falaremos da importancia de coidar, compartir e recoller os xoguetes.
- Realizaremos os disfraces de entroido para cada neno e nena.
- Celebraremos a FESTA DO ENTROIDO ,na que participarán as familias dos nenos e nenas e todo o persoal da escola.
- Probaremos produtos típicos do entroido: filloas, orellas...
- Realizaremos a nosa segunda EXCURSIÓN, esta vez a unha GRANXA.
- Discriminaremos e reproduciremos os sons de animais coñecidos.
- Coñeceremos animais domésticos, salvaxes e acuáticos e as súas características externas.
- VISITA DAS NOSAS MASCOTAS á escola.
- Utilizaremos a técnica plástica do punteado.
- Engurrámos papel.
- Aprenderemos a rachar papel.
- Controlaremos o noso corpo en diferentes formas de desprazamentos: andando, a gatiñas, arrastrándonos...
- Coñeceremos as posibilidades motrices do noso corpo: sentado, de pé, tombado.
- Visitaremos O CENTRO DE DÍA de Bertamiráns.(Clase C).
- Experimentaremos a realizar “Pedras do Bosque” con chocolate, arroz inflado, améndoas...
- Desenrolamos hábitos de convivencia e coidado respecto de animais e plantas.
- Observamos as plantas do noso contorno e diferenciamos algunhas flores.
- Identificaremos a cor verde.
- Diferenciaremos entre os cuantificadores un/moitos.
- Identificaremos elementos situados espacialmente: preto, lonxe.
- Identificamos o cadrado.
- Realizaremos trazos verticais, de arriba a abaixo.
- Describimos mediante a linguaxe oral obxectos e personaxes.
- Relataremos contos coñecidos.
- Observaremos contos no recuncho dos contos.
- Interpretaremos un conto polas imaxes.
- Escoitaremos activamente contos.
- Memorizaremos cancións acompañadas de xestos, poemas...
- Realizaremos varios experimentos científicos: Fluído newtoniano, frechas máxicas , Cores que desaparecen e Gusanos saltaríns.

TERCEIRO TRIMESTRE

As unidades didácticas que desenrolaremos neste derradeiro trimestre son as seguintes:

UNIDADE 7: AS NOSAS FAMILIAS BONITA.

UNIDADE 8: SOMOS UNS ARTISTAS!!!

UNIDADE 9: CHEGOU O CALOR Á ESCOLA.

O tempo que lle adicaremos a cada unha delas será aproximadamente dun mes e aproveitaremos para desenrolar outras actividades complementarias como son: gozaremos coas XORNADAS DE PORTAS ABERTAS durante o mes de Abril, experimentaremos novas técnicas plásticas durante o mes de Maio coa celebración do MES DA ARTE, e no mes de Xuño, realizaremos dous talleres: RECICLAXE DE RESIDUOS para celebrar o DÍA DO MEDIO AMBIENTE e iniciáronos na EDUCACIÓN VIAL .

Ao mesmo tempo traballaremos cos pequenos o CONTROL DE ESFÍNTERES axudadas por contos que tratan este tema.

Algunhas das actividades que levaremos a cabo son as seguintes:

- Identificaremos as cores amarela, vermella, verde e azul.
- Recoñeceremos formas redonda, cadrada e triangular.
- Faremos agrupacións de obxectos segundo os tamaños: grande e pequeno.
- Agruparemos obxectos mediante un atributo de cor.
- Identificaremos a situación espacial: a un lado.
- Identificaremos nun obxecto os atributos de cor e forma.
- Intentamos reencher debuxos pintando con ceras, rotuladores, pegando papeis...
- Elaboraremos correctamente frases sinxelas con nomes e calidades.
- Ampliaremos o noso vocabulario progresivamente.
- Participaremos activamente na asemblea que realizamos ao inicio da clase.
- Traballaremos a psicomotricidade realizando trazos de arriba abaixo.
- Recoñeceremos as partes do corpo máis importantes.
- Identificaremos as nocións espaciais aberto/pechado.
- Celebraremos o DÍA DO LIBRO organizando un mercadillo con todos os contos que traian os nenos e nenas á escola durante unha semana.
- Celebraremos as XORNADAS DE PORTAS ABERTAS nas que os pais e nais dos nenos e nenas poden vir ás aulas a explicarnos en que consisten as súas PROFESIÓNS.
- Recoñeceremos distintas profesións das persoas próximas ao día a día dos pequenos.
- Recibiremos a visita dos BOMBEIROS.
- Identificaremos os membros das nosas familias: pais, irmáns, avós...
- Pediremos fotografías ás familias coas que decoraremos as aulas.
- Realizaremos manualidade do DIA DA FAMILIA.(15 maio)
- Desenrolaremos hábitos de autonomía persoal e expresaremos as necesidades de ir ó baño. Afianzaremos o control de esfínteres. Motivaremos aos [nen@s](#) contando contos que tratan este tema como é “Puedo mirar tu pañal?” ou “El orinal de Lulú” entre outros.

- Visitaremos O CENTRO DE DÍA de Bertamiráns.(Clase A).
- Celebraremos O MES DA ARTE.
- Observaremos obras de arte e falaremos sobre elas.
- Iremos de EXCURSIÓN a un parque de Bertamiráns.
- Manipularemos os ingredientes necesarios para elaborar un BISCOITO coa intención de que nos saia ben rico para comelo na aula.
- Iniciarémonos na EDUCACIÓN VIAL. Desenrolaremos hábitos de convivencia de cruzar a rúa polo paso de peóns e ir da man dun adulto.
- Diferenciaremos algúns medios de transporte.
- Faremos varias experiencias científicas: Flores máxicas, Arco da vella con lacasitos, Debuxos que flotan e Ovos de dinosauro.
- Intentaremos TRANSPLANTAR os nosos CARBALLOS.
- TALLER DE RECICLAXE DE RESIDUOS: ¿en qué contenedor botamos cada residuo?.
- VISITAREMOS os COLEXIOS próximos á Bertamiráns.
- Utilizaremos a técnica plástica do pegado.
- Realizaremos trazos dun lado cara ao outro , trazos horizontais.
- Interpreto cancións sinxelas con apoios xestuais.
- Cociña: Xeados de froitas.
- Realizaremos actividades con auga: quente e fria, con e sin xabón, auga de cores conxelada...
- Refrescarémonos nas piscinas.
- Celebraremos O CACHO coa participación das familias que aportarán as herbas necesarias para facelo.
- Organizaremos e seremos os protagonistas da FESTA DE FIN DE CURSO na que ademais de realizar unha bonita actuación para as nosas familias, recibiremos o noso diploma por rematar con éxito o Primeiro Ciclo de Educación Infantil.

IV.-CRITERIOS METODOLÓXICOS

Para a consecución das aprendizaxes en valores será de vital importancia a participación das familias a favor da continuidade e coherencia dos plantexamentos propostos pola escola.

Intentaremos educar na convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a liberdade, a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento a todo tipo de discriminación e intolerancia.

A sociedade ten asignados papeis en función do sexo. Os nenos/as tenden a imitar accións do medio que lles rodea. Por isto, a escola, para evitar estereotipos, fará fincapé en: usar unha linguaxe non sexista, non discriminar xoguetes, todos xogan con todo e a todo; respondemos afectivamente igual ós nenos que ás nenas; insistimos en que todos teñen que colaborar nas tarefas domésticas e por suposto na clase; os currunchos deben ser utilizados indistintamente por nenos que por nenas...

Procuraremos acercar aos nenos/as ó medio natural aprendendo a valorar a importancia que este ten para a vida das persoas e desenrolando actitudes de respecto e coidado del.

A saúde é un estado de benestar xeral que hai que procurar. Por iso é necesario fomentar nos nenos/as hábitos de saúde, principalmente de consumo de alimentos sans, de descanso, de hixiene e de prevención de accidentes.

En todo momento teremos moi en conta a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, así como a súa consecuente participación na vida da escola

Deseñaremos o ambiente e organizaremos os espazos tendo en conta que dean resposta aos diferentes tipos de necesidades: necesidades de tipo físico, afectivo, de convivencia, de actividade, de movemento de expresión, etc.

Intentaremos organizar os espazos, tanto interiores como exteriores, de forma segura e flexible para permitir que os nenos e nenas fagan unha variedade de usos dos diferentes espazos ao longo da xornada.

Na escola existirán todo tipo de materiais para a estimulación das nenas e nenos, dispoñendo de maneira que se incentive a súa manipulación e facéndoas/os participes na responsabilidade do seu coidado e organización.

A organización do tempo farémola de forma moi flexible para poder adecuarse aos ritmos de actividade e descanso dos nenos e nenas.

Aínda que teremos moi presente a nosa cultura e potenciarémola en todo momento, imos ter presente que na nosa escola asisten nenos e nenas de outras culturas, polo que intentaremos convivir sen menoscabo delas.

Os nenos/as destas idades teñen unha visión global do mundo que se manifesta na súa forma de xogar e actuar. A nosa intervención educativa deberá evitar o parcelamento das actividades e deberemos aproveitar especialmente as situacións da vida cotiá para favorecer o traballo globalizado.

Dado que cada neno/a ten un bagaxe de aprendizaxe diferente, un ritmo propio de desenvolvemento, ..., deberemos ofrecerlles a cada un o que precisen para que por medio desta individualización consigan unha auténtica igualdade de oportunidades

Facilitarémolle a manipulación , exploración, etc, requisitos necesarios para conseguir unha aprendizaxe significativa

Propiciaremos actividades de xogo, tendo en conta que é a actividade que dá unha mellore resposta ao desenvolvemento dos nenos e nenas destas idades.

Fomentaremos vínculos afectivos, tan importantes nestas idades, entre nos e os nenos/as ,que lles servirán para sentir equilibrio e seguridade emocional na escola.

A avaliación terá un carácter permanente e sistemático , de maneira que nos proporcione información veraz e continua sobre os procesos de toda índole que teñen lugar no noso centro e que nos posibilite axustar ou mellorar os programas establecidos.

No noso proceso de avaliación deberemos recoller non só información de como vai evolucionado o desenvolvemento dos nenos e nenas nos ámbitos de aprendizaxe, senón tamén a propia planificación educativa, a organización de tempos e traballo dos equipos educativos e de servizos , e a interrelación coas familias e coa comunidade.